



## 9. A Idade Media na península Ibérica

---

# Para comezar

- Que estados conforman na actualidade a península Ibérica?
- Cantos pobos e linguas diferentes existen nela?
- Por que empregamos palabras procedentes do árabe?
- Cal é a orixe dos barrios xudeus de moitas cidades?

## O amencer medieval

A Idade Media é, tanto en Galicia como no resto da península, un período de creación de linguas, institucións políticas ou costumes que aínda perduran. Os idiomas que falamos, o Camiño de Santiago ou as feiras orixínanse neste tempo.

Tamén é un período de fecunda convivencia entre comunidades relixiosas e culturais que, aínda que hoxe nos parecen distintas, estaban daquela moi próximas. Musulmáns, xudeus e cristiáns teceron fortes lazos no tempo, aínda que por veces houbera conflitos entre eles.

Se a historia serve para explicar quen somos e de onde vimos, coñecer a nosa idade media convértese nunha viaxe cara o interior de nós mesmos e mesmas.

---

# O noso proxecto



## O proxecto

A Idade Media é un período central na historia de Galicia. Alén de monumentos e restos arqueolóxicos, da Idade Media herdamos costumes, tradicións, cancións populares, crenzas ou lendas e outros aspectos da vida cotiá que seguen vivos en Galicia e no norte de Portugal. A continuación imos investigar sobre algúns dos principais aspectos culturais da historia de Galicia.

Dividídevos en 3 grupos e realizade as seguintes tarefas:

Comezando polo propio idioma galego, que tamén naceu no medievo, a asociación “[Ponte nas Ondas](#)” trata de conseguir o [recoñecemento da UNESCO](#) para o [patrimonio inmaterial galego-portugués](#). O **primeiro grupo** traballará sobre aqueles elementos do patrimonio inmaterial que teñen a súa raíz na Idade Media e gravará unha cuña publicitaria na que se trate os criterios que se tiveron en conta para obter ese recoñecemento.

O **segundo grupo** encargárase das creacións artísticas desta época, entre as cales cabe destacar a música trobadoresca. Estas [composicións musicais](#), a miúdo sobre textos de [poetas galaico-portugueses](#), eran tocadas nos pazos, nos castelos e nas catedrais galegas. Podedes preparar un programa de música medieval: non esquezades facer unha breve introdución sobre as [pezas](#) que seleccionedes.

Poucos acontecementos históricos da Galicia medieval son máis debatidos que a revolta irmandiña, o **terceiro grupo** farase cargo dela. Imaxinádevos que sodes [xornalistas](#) co poder de viaxardes no tempo. Podedes facer varias pezas que simulen unha [conexión en directo](#) para informar das distintas fases da revolta.

Aquí tes un documento para avaliar o teu traballo e o do teu grupo.

# Os reinos xermánicos: suevos e visigodos

Desde finais do século III a.C. ata o século V d.C. a península Ibérica constituíu o extremo occidental do Imperio romano baixo a denominación de **Hispania**. O intenso proceso de **romanización** supuxo que a poboación asimilara elementos da cultura romana como a lingua (o latín), pero os romanos tamén deixaron as súas pegadas na división do territorio en provincias, nas infraestruturas e obras públicas que se levantaron nas cidades ou mesmo na organización social baseada na posesión de latifundios traballados por campesiños adscritos á terra.



O emperador Diocleciano reorganizou administrativamente

o Imperio (298). A Península quedou dividida en 5 provincias.

Coa crise do século III d.C. comeza un período de descomposición da autoridade romana que coñecemos como **Baixo Imperio**, ata a súa desaparición no século V.

As dificultades que atravesaba o Imperio facilitaron a chegada de pobos migrantes xermánicos —**suevos e vándalos**— e iranianos —**alanos**— ao territorio peninsular a partir do ano 409. O seu obxectivo era forzar as autoridades romanas a un pacto (*foedus*) mediante o cal obter terras onde asentarse.

Créditos



A debilidade do Imperio obrigou a chegar a pactos cos «bárbaros». No mapa, só a Tarraconense se mantén baixo a autoridade imperial.

O reparto do espazo peninsular desenvolveuse do seguinte xeito:

- Suevos: situados na Gallaecia próxima ao mar, entre os ríos Miño e Douro.
- Vándalos: divididos en dous grupos diferentes.
  - Vándalos asdingos: asentados en Gallaecia, entre Lugo e Astorga.

- Vándalos silingos: situados na parte occidental da Bética, entre os ríos Guadiana e o Guadalquivir.
- Alanos: ocupaban partes da Lusitania e da Cartaginense.
- Visigodos: ocupaban as Galias, ao sur da actual Francia, varios anos despois do asentamento destes pobos ocuparán territorios na península Ibérica.

Dous destes pobos, os suevos primeiro e os visigodos despois, formarán os dous **reinos xermánicos** peninsulares.



No século VI a Península estaba conformada polos reinos suevo e visigodo, e a presenza bizantina no sur.

Despois de asentarse no interior do Imperio, o proceso continuaba habitualmente coa **sinatura dun pacto** (*foedus*) co emperador, en virtude do cal o pobo xermánico convertíase en aliado (federado) do Imperio. O monarca xermano recoñecía a superioridade do emperador, e actuaba ante o seu pobo como un delegado del.


Os reinos xermánicos trataron de preservar o modelo de Estado romano polo que a súa chegada non supuxo unha ruptura radical, senón que predominou a **continuidade das estruturas tardorromanas**: os xermánicos constituían unha minoría guerreira (aristocracia) que aproveitou o sistema romano no seu beneficio ao tempo que se fusionaban coa poboación local.

Os historiadores sitúan o **comezo da Idade Media peninsular** no mundo tardorromano, en contacto cos pobos xermánicos, onde xa se detectaban características prefeudais. A continuación estudaremos a formación e evolución dos reinos suevo e visigodo durante a Alta Idade Media.

## O reino suevo de Galicia


O termo «suevos» designa diferentes grupos de pobos xermánicos instalados fóra das fronteiras do Imperio romano, **entre os ríos Rin e Danubio**. A comezos do século V algúns deles atravesaron a fronteira imperial, cruzando o Rin, e comezaron unha **migración** xunto a outros pobos como vándalos ou alanos sobre o territorio do Imperio romano de Occidente.

A partir dos anos 409-411 os suevos, tras cruzar os Pireneos, aparecen xa instalados nos límites occidentais da provincia romana da Gallaecia en virtude dun pacto (*foedus*) asinado entre o rei suevo Hermerico e o emperador romano de Occidente, Honorio.



Coa división de Diocleciano creouse a provincia romana da Gallaecia, dividida en conventos xurídicos con cadansúa capital.





Extensión da Gallaecia romana polo noroeste peninsular a finais do século IV.

Nacía así o **reino suevo de Galicia**, o primeiro reino medieval europeo creado dentro do territorio do Imperio romano, que estableceu a súa capital na cidade de *Bracara Augusta* ([Braga](#), no actual Portugal). O **territorio** inicial coincidía practicamente coa provincia romana da Gallaecia, pero variou ao longo dos case dous séculos de existencia do reino: no período de máxima expansión (século V) os suevos controlaban Galicia, Lusitania, a Bética e a Cartaginense, pero a partir do 456, o reino viuse reducido ás contornas de Braga e Lugo. Desde entón e ata a desaparición do reino, os suevos consolidan un territorio que incluía Galicia e o norte de Portugal.



Extensión do reino suevo no ano 456.



O reino de Galicia en tempos da dinastía sueva sobordaba os límites da Gallaecia romana pola Lusitania.

O **asentamento** dos suevos no mundo galaico-romano supuxo a transformación dun pobo vinculado por lazos tribais e organizado en clans familiares, nunha monarquía afianzada no territorio e cun poder centralizado. En realidade, os suevos viñan mantendo **contactos prolongados cos romanos** xa desde o século I d.C., que se manifestan no abandono do nomadismo por unha progresiva sedentarización, na propiedade privada da terra ou nunha máis complexa organización política, na que destaca a figura do *rex* (rei).



## Sabías que...?

A numismática é unha fonte para o coñecemento do pasado. O estudo da acuñación de moedas en época sueva é un exemplo moi interesante da influencia tardorromana no mundo altomedieval dos reinos xermánicos, pois as moedas suevas imitaban as emisións imperiais.

Debemos interpretar a emisión de moeda como un atributo característico da soberanía, é dicir, do exercicio do poder, pois só o soberano ten esa facultade.


Xa nos primeiros anos Hermerico acuñara moeda, pero facíao en nome do emperador romano. Porén, o rei suevo Requiario vai ser o primeiro monarca europeo que o faga a título propio, facendo constar no reverso da moeda a lenda *IVSSV RECHIARI REGES*, e no anverso o título imperial (Honorio).

A autoafirmación de Requiario como rei mostra a existencia dunha monarquía centralizada, polo que podemos constatar a progresiva consolidación política do reino galego no período altomedieval.

Podes ver exemplos de moedas suevas, visigodas e bizantinas [nesta ligazón](#).

Durante os reinados dos tres primeiros monarcas suevos (Hermerico, Requila e Requiario), na primeira metade do século V, produciuse a **expansión territorial e consolidación da monarquía** sueva. Estes monarcas levaron a cabo campañas militares de conquista que lles aseguraron o control de boa parte da Península, aproveitando a debilidade do poder imperial, e asociaron aos seus fillos ao trono

establecendo unha monarquía hereditaria.



## Cronoloxía dos reis suevos.

Este expansionismo militar acabou provocando a intervención dos visigodos ao servizo de Roma. A mediados do século V, o monarca suevo Requiario invadiu territorios das provincias Cartaginense e Tarraconense (Depresión do Ebro, Zaragoza, Lleida), ameazando o poder imperial na Península. En resposta a estas agresións, o emperador Avito pediu axuda ao rei visigodo Teodorico II, organizándose unha coalición de tropas imperiais romanas e visigodas. O enfrontamento produciuse preto de Astorga —Batalla do río Órbigo, 456— e saldouse coa derrota sueva, a toma da súa capital (Braga) e a morte de Requiario, que poñía fin á primeira dinastía que encabezara Hermerico. Aínda que o reino galego non desapareceu, ficou baixo a influencia visigoda, como demostra a renuncia ao catolicismo e a adopción do arianismo no ano 465.

Debido ao seu reducido número, os suevos non modificaron a cultura galaico-romana senón que se adaptaron a ela. A mostra máis clara foi a conversión ao catolicismo (a relixión practicada na Gallaecia desde tempos romanos) que ordenou Requiario no ano 449, e lle permitiu achegarse á aristocracia galaico-romana.

Tras a conversión ao arianismo no 465, o monarca suevo Teodomiro estableceu a volta definitiva ao catolicismo no 561, que se estende polo reino galego grazas ao labor de Martiño de Dume. A unificación relixiosa suprimiu as barreiras entre suevos e galaico-

romanos pois habitaban un territorio en común, tiñan unha moeda propia, participaban nos mesmos ritos, obedecían as mesmas leis, casaban entre eles e enterrábanse nos mesmos camposantos. Esta integración reflíctese na denominación empregada nas fontes: *Galliciense Regnum*, que identificaba plenamente a Gallaecia cunha monarquía sueva que xa non se podía considerar un elemento estraño.



## Sabías que...?



Guerreiro cun nó suevo.

A partir de fontes literarias e achados arqueolóxicos coñecemos a existencia dun peiteado que se puxo de moda entre os varóns suevos coñecido como «nó suevo». Na súa obra «Xermania», o historiador romano Tácito describe como os guerreiros suevos peiteábanse cara atrás ou cara un lado, recolléndose o cabelo nun nó para intimidar no campo de batalla: «Así visten cando van a guerrear, e decoran as súas cabezas para aumentar en estatura e terror a ollos do inimigo».

Tamén refire o uso do nó en homes de avanzada idade como un símbolo de *status*, identificándoos como «suevos libres».



**(1)** Escultura romana de bronce, cun guerreiro xermano axeonllado co nó suevo na cabeza.

**(2)** Craneo cun nó suevo atopado en Osterby en 1948.

As referencias literarias confirmáronse co achado en 1948 dun cranio en Osterby, ao norte de Alemaña, datado na Idade do Ferro. O seu cabelo, conservado nun estado asombroso, amosa un elegante trezado que podería remitir ao nó suevo citado por Tácito. Ademais deste cranio, a iconografía do peiteado repítese noutros monumentos como a Columna de Traxano, esculturas ou obxectos de uso cotián como unha teteira de bronce atopada preto de Polonia.



O nó suevo represéntase no escudo de armas da cidade alemá de Osterby.

Coa caída do Imperio de Occidente (476) e a debilidade visigoda tras ser derrotados polos francos (Batalla de Vouillé, 507), o reino suevo afírmase e recupera a súa independencia no século VI. A mediados deste século goza dun período de esplendor político e cultural, coincidindo coa chegada a Galicia de Martiño de Dume e os reinados de [Teodomiro](#) e [Miro](#).

## O esplendor do século VI

- **Consolidación da monarquía:** desde o punto de vista político xurdiu unha concepción cesaropapista da monarquía que se reflicte na convocatoria dos concilios polo rei, ou na división territorial en parroquias dependentes dos bispados.
- **Conversión ao catolicismo:** a mudanza relixiosa supuña un enfrontamento cos visigodos arianos, e un intento de alianza co Imperio bizantino de Xustiniano, establecido no sur peninsular.
- **Parroquial Suevo ou División de Teodomiro:** é un manuscrito datado arredor do 570 no que se reflicte a reorganización administrativa eclesiástica do reino, dividido en 134 parroquias agrupadas en 13 dioceses. É unha fonte de gran valor, pois permite situar vilas e poboacións da Gallaecia de época sueva e coñecer a vertebración territorial do reino.
- **De *correctione rusticorum*:** é un sermón de Martiño de Dume escrito despois do II Concilio de Braga, no que ataca as prácticas pagás e supersticiosas que aínda eran comúns na Galicia sueva. Algunhas destas prácticas ancestrais incluían a adoración de bolboretas, pedras, fontes de auga ou certas árbores. Está escrito nunha linguaxe sinxela pois ía dirixido aos labregos que se pretendía cristianizar.

O esplendor do reino suevo chocou co expansionismo visigodo, que ansiaba establecerse na península. Trala morte do rei Miro o reino suevo viuse inmerso en problemas sucesorios que concluíron coa derrota no campo de batalla polo rei visigodo Leovixildo (585).

Isto significou a fin do reino independente de Gallaecia, pois os seus territorios ficaron englobados no reino visigodo. Con todo, a Gallaecia galaico-sueva mantivo unha personalidade propia aínda despois da anexión, como reflicten as actas dos concilios celebrados na capital visigoda de Toledo aos que «acudían bispos de Hispania, Galia e Gallaecia».

# Os concilios de Braga

Os **concilios** eran asembleas ás que acudían as autoridades relixiosas (bispos) para deliberar e resolver cuestións doutrinarias. Por exemplo, durante o Baixo Imperio romano celebrouse o Concilio de Nicea (325) no que se fixou a doutrina católica fronte ao arianismo e se estableceu un modelo de intervención do monarca nos asuntos eclesiásticos.

A celebración de concilios perdurou ao longo de toda a Idade Media, tamén na época do reino suevo, sobre todo durante o século VI. Organizábanse en Braga por ser a capital política e sé eclesiástica do reino, e neles detectamos tamén a participación do monarca, tal e como se recolle nas actas do I Concilio de Braga (561): «habéndose reunido os bispos da provincia da Gallaecia por mandato do gloriosísimo rei Ariamiro», ou no II Concilio de Braga (572): «habéndose reunido por mandato do rei [Miro]». Deste xeito a monarquía logra unha gran aceptación social, ao estar lexitimada pola igrexa galaico-romana.

O Primeiro Concilio de Braga (561-563), ao que asistiron bispos da Gallaecia e norte da Lusitania, foi presidido por Martiño de Dume e nel afirmouse a doutrina cristiá fronte a herexías como o priscilianismo.

## O reino visigodo (507-711)

### O reino de Tolosa (418-507)

Mediante un **foedus** asinado entre o emperador Honorio e o monarca xermánico Valia (418), os visigodos recibiron un territorio correspondente á provincia romana de Aquitania<sup>[1]</sup>, na costa sur das Galias.

A cambio, comprometéranse a defender ao Imperio fronte os restantes pobos xermánicos que se disputaban o soar peninsular. Xurdía así o **reino visigodo** con capital en Tolosa como un estado federado de Roma.

Durante o século V producíronse incursións militares na Península, pero non inmigración e ocupación do territorio. O reino de Tolosa intentaba controlar a Tarraconense desprazando tropas, se ben non será até finais do século V que comece



o asentamento visigodo na Península.

O reino de Tolosa converteuse en estado independente coa caída do Imperio de Occidente no **476**. É unha etapa de apoxeo na que logran a máxima expansión territorial, ocupando o centro e norte da actual Francia e a maioría da Península.



O reino visigodo de Tolosa expandiuse á Península desde o sur da Galia.

## O reino de Toledo (507-711)

A finais do século V a expansión visigoda encontrouse coa oposición dun novo poder xurdido nas Galias: os **francos**. Ademais, o reino visigodo tiña un problema interno de tipo relixioso: os visigodos profesaban o arianismo, pero gobernaban sobre unha poboación católica. Os francos pola súa banda, convertéranse ao catolicismo a finais do século V, gañando así o apoio masivo da poboación indíxena.

Axiña comezaron os conflitos entre francos e visigodos polo control do territorio, que concluíu na Batalla de Vouillé (507). A derrota visigoda marcou un punto de inflexión, pois se ben os visigodos continuaron ocupando aqueles territorios alén dos Pireneos, **o centro de gravidade do reino comezou a mudar progresivamente cara a Península**. Aínda que algúns godos ficaron en territorios galos baixo dominio franco, produciuse unha vaga migratoria, xa non só de soldados, senón de familias enteiras cara a Península. En todo caso non se tratou dunha conquista, senón que ocuparon

espazos baleiros ou chegaron a acordos coa poboación local.

A mediados do século VI mudaron a **capital a Toledo**, antiga cidade romana ben fortificada e lonxe do perigo galo. Trátase dunha etapa de inestabilidade polas sucesivas loitas internas, aproveitada polos bizantinos para ocupar o sur peninsular.



## O Imperio bizantino antes do reinado de Xustiano.

A restauración da autoridade real chegará co reinado de **Leovixildo (572-586)**, quen esmagou as rebelións e someteu a maior parte da Península, por exemplo acabando coa resistencia sueva no noroeste e anexionando aquel reino. Baixo o seu mandato comezou a verdadeira **organización centralizada do reino**. Para iso, a administración visigoda imitou os modelos romanos, polo que ao igual que no caso dos suevos non se produciu unha ruptura senón que primou a continuidade coas estruturas tardorromanas. No comezo, os reis —que eran básicamente líderes militares— eran elixidos por aclamación do pobo e os guerreiros, ademais de que a monarquía non tiña unha residencia fixa. A partir de Leovixildo o poder monárquico consolídase: os monarcas comezan a asociar a un sucesor ao trono (monarquía hereditaria) e fíxase a residencia do rei e da súa Corte (*palatium*) na capital (*urbs regia ou civitas regia*).



Tres diferentes territorios baixo goberno visigodo: Hispania, Gallaecia e Septimania.

A integración entre os visigodos e a poboación local concluíu co seu fillo e sucesor Recaredo (586-601), quen ordena a **conversión dos visigodos do arianismo ao catolicismo** durante o III Concilio de Toledo (589). A conversión implicou o abandono de moitos usos culturais godos e a **unión entre o poder da monarquía e a Igrexa**.

Desde comezos do século VII ábrese un período de esplendor no reino no que asistimos a un gran desenvolvemento cultural. Ao tempo tivo lugar un proceso de **feudalización** moi intenso que favoreceu á nobreza, abrindo un período de enfrontamentos coa monarquía tipicamente medieval.

# Os concilios de Toledo, un instrumento de goberno

Como vimos no caso dos suevos cos Concilios de Braga, os visigodos mantiveron a celebración de concilios que tiñan lugar en Toledo, a capital.

Neles, non só se discutían cuestións relixiosas senón que se trataban tamén asuntos políticos, económicos e sociais. De feito os monarcas convocaban e participan na asemblea, á que asistía tamén a alta nobreza, e as actas aparecen frecuentemente asinadas por laicos. Trátase dun modelo no que a Igrexa (bispos) e o rei gobernaban de maneira conxunta a través dos concilios. O monarca, que tiña recoñecida a capacidade para legislar, reforzaba a súa autoridade apoiándose na Igrexa.



III Concilio de Toledo.


A intervención do monarca nos asuntos relixiosos comezou no III Concilio de Toledo (589) durante o reinado de Recaredo, que podemos considerar unha verdadeira asemblea representativa do reino. No IV Concilio (633) consolidouse esta fusión de Igrexa e reino, conformándose un poder monárquico lexitimado «pola graza de Deus» que afirmaba a súa posición fronte á nobreza.

Desde finais do século VII e comezos do VIII **o reino disgregouse** por unha sucesión de loitas internas e polo enfrontamento entre o reino e a aristocracia. Esta circunstancia será aproveitada por outro pobo en expansión: o Islam. No ano 711 os exércitos musulmáns asentados no norte de África cruzaron o estreito de Xibraltar e entraron polo sur da península Ibérica, liquidando o estado visigodo. Comezaba así un novo tempo para os territorios peninsulares.


## Actividades

1. O traballo do historiador aseméllase ao dun detective que investiga unha escena en busca de respostas. A análise dos restos materiais permite aos arqueólogos obter indicios a partir dos que elaborar hipóteses que expliquen o pasado. Descubre a través desta [noticia](#) a información que poden aportar as vacas do reino suevo.

Describe o obxecto de estudo dos investigadores e sitúao na súa cronoloxía e período histórico correspondente.



2. Por que o equipo arqueolóxico deduciu que os animais caeran accidentalmente na cavidade?



3. Indica a información histórica que aportou cada un dos seguintes elementos:


- Os dentes.
- O tamaño das reses.

4. Aínda que a base económica dos reinos xermánicos peninsulares foi a agricultura e a gandería, recentes estudos están aportando **información** interesante sobre o comercio no mundo tardorromano e altomedieval.

Resume as conclusións das investigacións.

5. Que tipo de restos materiais proban as conclusións?

6. Que produtos se intercambiaban a través do porto de Vigo?



7. Sinala a resposta máis adecuada en cada caso.

A chegada dos suevos produciuse...

- ... trala caída do Imperio Romano no ano 476.
- ... no Baixo Imperio Romano, a través dun *foedus* co emperador.
- ... trala vitoria de Hermerico sobre as lexións romanas.
- ... durante a crise do século III, que debilitou ao Imperio Romano.

8. Tralo asentamento dos pobos xermánicos na Península...

- ... formáronse dous reinos, suevo e visigodo.
- ... transformáronse completamente as estruturas do Baixo Imperio.
- ... unificouse o territorio peninsular a través dunha monarquía centralizada.
- ... comezou o proceso de romanización.

9. A comezos do século VIII...

- ... o reino suevo atravesou un período de esplendor.

- ... consolidouse a monarquía visigoda.
- ... produciuse a disgregación do reino visigodo.
- ... o reino visigodo anexionou o reino suevo.

10. Señala a resposta máis adecuada en cada caso.

O período de esplendor do reino suevo produciuse...

- ... durante o reinado de Leovixildo e co bispo Martiño de Dume.
- ... no século V, durante o reinado de Martiño de Dume.
- ... na época dos concilios de Toledo, presididos por Martiño de Dume.
- ... no século VI, e destacou a figura de Martiño de Dume.

11. O reino visigodo no século VI...

- ... fixou a capital en Toledo, desprazando o seu centro político á Península.
- ... trasladou a capital a Tolosa, grazas a un *foedus* co emperador.
- ... foi derrotado polos musulmáns, que tomaron a capital (Toledo).
- ... trasladou a capital a Toledo, e converteuse nunha monarquía electiva.

12. Relaciona os seguintes elementos.

O proceso de  
feudalización

... favoreceu a integración coas  
oligarquías locais católicas.

A institución dos  
concilios

... intensificouse trala chegada dos  
pobos xermanos.



O abandono do arianismo

... produciuse a través da sinatura dun *foedus* co emperador.

O asentamento de suevos e visigodos

... reforzou o poder das monarquías xermánicas.

A chegada dos musulmáns


... produciuse a través de migracións no século V.

A chegada de suevos e visigodos

... precipitou a desaparición do reino visigodo.

↑[1]

## Provincia romana de Aquitania



---

# A irrupción dos musulmáns: al-Ándalus


A desaparición do Estado visigodo e a formación de al-Ándalus, supuxo a integración de parte da península Ibérica na cultura árabe-islámica durante case oito séculos. En 1492 acabou a historia de al-Ándalus, pero non a dos andalusís.

## Ocupación musulmá e formación de al-Ándalus

No ano 711, o reino visigodo atopábase sumido nunha crise interna provocada por anos de fame e epidemias, e pola guerra civil entre o rei Rodrigo e os familiares do anterior monarca. Estes últimos pediron axuda aos musulmáns, que daquela xa dominaban o norte de África (zona do Magreb, poboada maioritariamente por bérberes), pois víñanse expandindo polo Mediterráneo desde o século VII. Así, o gobernador bérber Muza, e o seu xeneral Tariq, cruzaron o estreito de Xibraltar coas súas tropas e derrotaron a Rodrigo na [batalla de Guadalete](#) (711).

Os exércitos musulmáns ocuparon as principais cidades visigodas e tomaron a súa capital, Toledo. A conquista islámica da Península foi rápida e doada, pois os visigodos apenas mostraron resistencia: a nobreza estableceu pactos cos conquistadores e a poboación era indiferente ante o cambio de dominadores (visigodos por musulmáns). Debemos entender a chegada dos musulmáns á Península como unha prolongación

do seu dominio no Mediterráneo, e máis concretamente no noroeste de África.



Prolongación do dominio musulmán polo Mediterráneo



Campañas dos musulmáns durante a conquista da Península (711-719).

A partir da chegada dos musulmáns, os territorios peninsulares fragmentáronse en dous espazos diferentes desde o punto de vista político, social e cultural.

- Os **territorios controlados polos musulmáns**, basicamente os do antigo reino visigodo, pasaron a integrarse no Imperio islámico baixo a denominación de al-Ándalus.
- Porén, os musulmáns non ocuparon toda a Península, polo que nos núcleos do norte, **fóra do seu dominio**, como a Gallaecia ou a zona pirenaica, xurdirán novos poderes reais non dependentes do Islam.



Mapa da Arabia preislámica

## Evolución política: emirato, califato e taifas

### O Emirato dependente (718-756)

Unha vez concluída a fase da conquista e asentados no territorio, os árabes

organizaron politicamente al-Ándalus que se converteu nunha provincia do Califato omeia. Os gobernantes estableceron a capital en Córdoba, e recibiron o título de emir ou valí do califa de Damasco, a capital Siria desde onde a familia Omeia dirixía o Imperio.

No emirato dependente completouse o control efectivo do territorio. A expansión musulmá continuou desde a península Ibérica cara o sur da Galia, onde foron detidos polos francos na **Batalla de Poitiers (732)**. En consecuencia, os musulmáns retiraron as súas bases na Galia e viron freado o seu intento de expansión polo occidente cara novos territorios europeos.

A poboación musulmá peninsular estaba formada por diferentes grupos étnicos:

- Os **árabes**: constituían a aristocracia do exército e instaláronse maioritariamente nas cidades.
- Os **bérberes** formaban o groso do exército e asentáronse nas zonas rurais.
- Os **grupos chegados de Siria** como soldados de reforzo. Esta heteroxeneidade deu lugar a revoltas e enfrontamentos civís nestes primeiros anos de existencia de al-Ándalus.

## O emirato omeia de Córdoba (756-929)



O emirato omeia de Córdoba formouse trala proclamación do califato abasida de Bagdad.

No ano 750 os Abasidas tomaron o poder en Damasco, asasinando a maioría dos membros da familia Omeia. Só un dos seus membros logra fuxir da matanza, refuxiándose no único lugar onde os Omeias conservaban o poder: al-Ándalus. No 756 proclamouse emir en Córdoba, a capital, co nome de Abd Al Rahman I. O título de emir significaba que os gobernadores de al-Ándalus deixaban de obedecer ao califa de Bagdad, aínda que si lle recoñecían a súa autoridade relixiosa. al-Ándalus conseguía así independencia política, pero non relixiosa.

Baixo o goberno de **Abd Al Rahman I** (756-788) construíronse as bases do novo estado omeia andalusí. Para iso, reforzou o exército, esmagando diversos intentos de rebelión interna e detendo as ofensivas dos francos provenientes do norte. Tamén consolidou o seu poder como soberano introducindo un sistema dinástico de sucesión e proclamouse «Príncipe dos Crentes» por ser descendente da dinastía omeia, logrando integrar os diferentes grupos étnicos peninsulares.

O seu labor de reforzamento do estado foi continuada por **Abd Al Rahman II** (822-852), co desenvolvemento da burocracia e a mellora do sistema de cobro de impostos. Á súa morte, o estado andalusí estaba fortemente consolidado e era xa unha das grandes potencias do Mediterráneo.

Pero desde finais do século IX e comezos do X rexurdiron os enfrontamentos internos e sucedéronse múltiples rebelións que cuestionaban a autoridade do emir de Córdoba. En moitas rexións de al-Ándalus xurdiron poderes locais (caudillos) que escapaban ao control omeia e se negaban ao pagamento de impostos. Os núcleos cristiáns do norte aproveitaron a debilidade de al-Ándalus para reorganizarse. O emirato atopábase case desintegrado e corría serio risco de desaparecer, ata a chegada ao poder de **Abd Al Rahman III**.

## O califato de Córdoba (929-1031)



## Califato de Córdoba e reinos cristiáns ao norte, arredor do ano 1000.

Abd Al Rahman III herdou o trono a comezos do século X, cando o poder omeia estaba moi debilitado e apenas controlaba Córdoba e os seus arredores. Durante o seu mandato logrou a pacificación completa de al-Ándalus ao imporse sobre os gobernadores, que acabaron por lle xurar obediencia.

O seguinte paso na evolución política de al-Ándalus produciuse no 929, cando Abd Al Rahman III se proclamou califa, concentrando así non só o poder político e militar, senón tamén relixioso. Logrou deter os intentos de expansión dos reinos cristiáns do norte e mantivo contactos políticos e comerciais con outros reinos europeos e co Imperio Bizantino.

Ademais de lograr a pacificación interna e restaurar a unidade de al-Ándalus, o Califato foi o período de maior **esplendor económico e cultural**: floreceron as artes e as ciencias e Córdoba converteuse na cidade máis importante de Europa.

O último cuarto do século X estivo dominado pola figura de Abu Amir Muhamad (Al Mansur). Foi membro dunha familia árabe con posesións en Alxeciras que asesorou a importantes personaxes da corte omeia de Córdoba, e recibiu cargos que lle granxearon unha crecente influencia política. Acabou por desprazar ao califa, exercendo directamente o poder en al-Ándalus e o Magreb. As súas **exitosas campañas** contra os reinos cristiáns valéronlle o alcume de Al Mansur («O vitorioso»).



Trala morte de Al Mansur produciuse a [crise do califato](#).

## Os reinos de Taifas e as invasións norteafricanas (XI-XII)

A partir do século XI a inestabilidade política e as guerras civís acabaron co sólido estado fundado polos omeias. Comezou un período de dispersión no que os califas perderon a súa autoridade e o poder político fragmentouse en distintas dinastías coñecidas como «reis de taifas». Tras a abolición do Califato (1031), al-Ándalus ficou dividida en pequenos [reinos independentes \(taifas\)](#) con cadansúa capital que puxeron fin á unidade de al-Ándalus.

Durante os primeiros anos (1031-1045) assistimos á progresiva independencia de taifas como a de Almería, Granada, Toledo, Valencia ou Zaragoza, ata conformar un total de 27.

Aínda que os reinos de taifas gozaron dunha gran riqueza e cultura, a falta dun poder centralizado e da necesaria organización militar foi aproveitada polos cristiáns do norte, que lograron avanzar sobre territorio musulmán (toma da taifa de Toledo, 1085).

Ante presión dos reinos cristiáns sobre al-Ándalus os reis andalusís pediron auxilio aos almorábides, que formaran un Imperio unificando territorios no Magreb (actuais Mauritania, Alxeria e Marrocos). Os almorábides estenderon así o seu control á metade sur da península Ibérica, o que supuxo a incorporación de al-Ándalus como un territorio periférico do Imperio creado ao norte de África. Produciuse un renacemento económico e político e a consolidación dunha sociedade esencialmente urbana.

Desde comezos do século XII sucedéronse diversas rebelións contra o dominio almorábide en al-Ándalus, aparecendo territorios musulmáns con gobernos independentes denominadas segundas taifas (segunda metade do século XII).



O Imperio almorábide estendíase polos actuais Marrocos, Alxeria, Mauritania e a metade sur da península Ibérica. A súa capital estableceuse en Marraquex.

Pero no ano 1147 os **almohades**, outro grupo bérber procedente das montañas do Atlas, tomaron a capital almorábide, Marraquex, e conquistaron al-Ándalus. A comezos do século XIII alcanzaran a súa máxima expansión territorial coa incorporación das illas Baleares. Pero a derrota que sufriron a mans do rei cristián **Afonso VIII** (Batalla das Navas de Tolosa, 1212) marcou o comezo do seu declive, ata que foron desprazados no 1269 por outra dinastía norteafricana, os benimeríes.

A descomposición do poder almohade no século XIII deu lugar á formación dos terceiros reinos de taifas durante un breve período de tempo, acosados polo constante avance dos cristiáns.

## O reino nazarí de Granada (1238-1492)



### O reino Nazarí de Granada

O reino nazarí de Granada foi o último estado musulmán da Península durante a Baixa Idade Media. Formouse sobre o territorio dunha antiga provincia do califato almohade cando **Ibn Nasr** (1194-1273), descendente da familia dos Banu Nasr, lograra en 1238 controlar os territorios de Almería, Málaga e Granada e proclamarse emir, converténdose no fundador da dinastía nazarí.

O reino atravesou un período de esplendor como punto de intercambio comercial entre o Magreb e a Europa cristiá, e a súa capital, Granada, converteuse nun

importante centro cultural. Logrou manter a súa independencia grazas ao pagamento de tributos á Coroa de Castela.

Porén, o reino viuse sumido en interminables loitas polo poder entre distintas faccións da dinastía nazarí, nuns anos de decadencia xeral do islam en occidente. Esta debilidade foi aproveitada polos reinos cristiáns de Castela e Aragón, que e ao longo do século XV emprenderon accións militares minguando progresivamente o territorio baixo control nazarí. A caída de Málaga en 1488 e o cerco sobre Granada en 1491, concluírían coa desaparición do reino nazarí en 1492 tras case tres séculos de existencia, poñendo fin así ao dominio musulmán na Península.

# Economía, política e sociedade andalusís

## Unha economía urbana e comercial

Aínda que durante a Idade Media as principais **actividades económicas** eran a agricultura e a gandería, en al-Ándalus destacou a importancia da economía urbana e o comercio.

A **agricultura** experimentou un gran desenvolvemento no mundo andalusí, especialmente a partir do Califato, como revelan a cantidade de tratados e calendarios agrícolas. Os musulmáns aproveitaron e potenciaron os cultivos existentes (cereais, oliveiras e viñedos) e diversificaron a produción introducindo novas especies como o azafrán, o algodón, a cana de azucre, a alcachofa ou o arroz. Tamén introduciron novas técnicas de regadío que permitiron estender os cultivos de horta. Ademais das aceas e **noras**, construíron canalizacións subterráneas que levaban a auga dos pozos ás zonas de cultivo denominados *qanat*. A expansión agraria permitiu soste a crecente demanda da poboación urbana.

Polo que respecta ao **sistema de propiedade**, al-Ándalus mantivo o modelo hispanorromano baseado nas grandes extensións de terra (latifundios) que pasaron a ser propiedade do Estado. Este, repartíaaas en lotes entre os xefes conquistadores árabes, aínda que moitas ficaron en mans da antiga nobreza hispano-visigoda que se convertera ao islam. Os antigos campesiños dependentes dos latifundistas visigodos continuaron traballando as terras pero convertéronse en campesiños libres.

Nas cidades desenvolveuse unha florecente **artesanía** que aproveitou os circuitos

comerciais co oriente islámico. Destacou a produción de obxectos de luxo como tapices, xoias e armas que se destinaban á exportación. Tamén se elaboraban produtos de coiro, papel, vidro ou metal (forxa) que se poñían á venda nos zocos das cidades.

Pero ademais do activo comercio local nos zocos, destinado a satisfacer a demanda urbana, al-Ándalus converteuse nun importante **centro do comercio internacional** entre a Europa cristiá, África e Oriente: de Europa chegaban metais e madeira; de África, ouro, marfil e escravos; e de Oriente, especias e obxectos de luxo.

A partir do século X rexistrouse un intenso tráfico de caravanas que chegaban á Península polo norte de África, e de barcos de vela que empregaban os portos de Alxeciras, Málaga, Almería ou Sevilla (río Guadalquivir). O comercio andalusí viuse favorecido pola seguridade das rutas terrestres e marítimas que garantía a forte autoridade califal grazas a un desenvolvido sistema de cobro de impostos, e por un sistema monetario forte e estable presente en todo o mundo islámico.

# A cidade hispano-musulmá

As cidades foron os centros económicos no mundo andalusí, pois nelas se concentraba a produción artesanal e o intercambio de mercadorías. Os musulmáns empregaban o termo *medina* ou *madina* para referirse ás cidades xa existentes no período preislámico como [Zaragoza](#), que sendo fundada en época romana foi aproveitada en época andalusí. Por outra banda, *misr* designaba as cidades de nova fundación como [Calatayud](#), situada estratexicamente como un conxunto fortificado para defender o paso entre o val do Ebro e a Meseta.

Case todas estaban rodeadas por murallas, con torres e varias portas de acceso que permanecían pechadas durante a noite. A medida que aumentaban o seu tamaño fíxose necesaria a ampliación da muralla, aínda que existían barrios situados extramuros (arrabaldes). Tamén existían zonas habitadas por cristiáns (mozarabías) ou xudeus (xudarías) onde vivían segundo os seus costumes.

Presentaban un trazado irregular, con rúas estreitas e labirínticas entre as que destacaba unha principal que adoitaba comunicar dúas portas opostas e albergaba os edificios máis importantes.

As edificacións máis importantes eran as mesquitas, que se repartían polos distintos barrios e sobre as que destacaba unha principal, e os alcázares, palacios islámicos que servían de residencia aos poderosos. Cando estas residencias presentaban o aspecto dun recinto fortificado denominábanse alcazabas, que podían ter unha grande extensión.

Os intercambios producíanse nos zocos, mercados situados no centro das cidades próximos á mesquita e conformados por rúas cubertas que albergaban obradoiros e tendas distribuídas por oficios: xastres, carniceros, perfumistas...

Os baños eran elementos fundamentais da vida social andalusí. Funcionaban como lugares de encontro e reunión ao igual que no resto do mundo islámico.

Nas inmediacións das cidades existían as alcarías, casas de campo que acollían pequenas comunidades rurais dunha ou varias familias.

Unha das cidades máis impresionantes foi a [Córdoba](#) da época califal. [Nesta ligazón](#) podes ampliar a información sobre outras cidades de al-Ándalus.

En al-Ándalus formouse unha sociedade moi complexa por mor da diversidade de culturas, relixións e grupos sociais. A maioría da poboación hispano-visigoda experimentou un proceso de islamización: pasaron de falar en latín a falar en árabe, e convertéronse do cristianismo ao islam. A adopción da cultura e a relixión islámicas viuse favorecida pola inmigración masiva de musulmáns e os matrimonios mixtos.

Estudaremos a organización social desde un punto de vista relixioso:

- **Musulmáns:** eran o grupo dominante na sociedade e dispoñían de plenos dereitos. Non formaban un grupo homoxéneo pois a súa procedencia era diversa. Podemos distinguir:
  - a. **Árabes:** constituían unha minoría descendente dos primeiros conquistadores que acaparaba o poder político, económico e social, ao ser grandes propietarios de terras e dispoñer de privilexios e os principais cargos.
  - b. **Bérberes:** eran un grupo máis numeroso que chegara cos primeiros conquistadores e nas sucesivas migracións desde o norte de África. Tiñan unha condición máis humilde e dedicábanse ao pastoreo ou a servir no exército.
  - c. **Muladí:** eran hispano-visigodos convertidos ao islam e representaban a maioría da poboación.
  - d. **Eslavos:** eran un grupo étnico formado por escravos procedentes de Europa que se islamizaron e alcanzaron a liberdade, converténdose en *libertos*. Algúns chegaron a gozar dunha gran consideración social e, tras o colapso do califato, gobernaron algunhas taifas.
  
- **Non musulmáns:** os *dhimmi* representaban unha minoría e debían pagar uns impostos extraordinarios para conservar a súa relixión, ademais doutras limitacións no exercicio dos seus dereitos. Con todo, puideron conservar a súa vida e as súas propiedades, así como gozar dunha autonomía xurídica que lles permitía acudir aos seus propios tribunais. Compoñíanse de:
  - a. **Mozárabes:** eran hispano-visigodos que vivían en territorio de al-Ándalus pero conservaban a relixión cristiá. O seu número reduciuse progresivamente a medida que a poboación se islamizaba. En ocasións sufriron persecucións e emigraron aos reinos cristiáns do norte.
  - b. **Xudeus:** a pesar de pertencer á poboación dominada, a súa situación mellorou coa chegada dos musulmáns pois cesaron as persecucións ás que foran sometidos polos visigodos e pola Igrexa católica. Dedicábanse a actividades como a artesanía, a medicina, o comercio ou o cobro de impostos.

# O poder político e as institucións

O emir, e máis tarde o califa, concentraban todos os poderes do Estado: político, financeiro, xudicial e bélico. No caso do califa, o soberano era tamén xefe relixioso da comunidade islámica (imán), o que reforzaba o seu poder político.

Emires e califas delegaban algunhas tarefas da administración. Contaban con asesores e conselleiros denominados visires, entre os que destacaba o *hachib*, de maior categoría que actuaba como un primeiro ministro e que co tempo chegarían a acumular un gran poder, coma no caso de Al Mansur. Ademais, aínda que tanto o emir coma o califa eran xuíces supremos, delegaban a administración de xustiza nun cadí que seguía os preceptos coránicos. Tamén as cidades eran gobernadas por funcionarios designados polo califa.

Polo que respecta á administración do territorio, os musulmáns estableceron a división en provincias denominadas coras, á fronte das cales se situaba o valí. Cada cora dispoñía da súa capital e dividíase en distritos, compostos por unha cidade principal e outros núcleos menores. O número e extensión destas provincias variou ao longo do tempo.

Este aparato estatal e o poderoso exército sustentábase grazas a un eficaz sistema de cobro de impostos. O décimo era un imposto establecido no Corán que gravaba o produto da terra traballada, pero existían outros como a contribución ao exército ou os que debían pagar as minorías non musulmás.

## Para saber máis...

Investiga a situación das mulleres andalusís [nesta](#) ligazón.

## Actividades

1. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

a. Abd Al Rahman III sentou as bases do emirato no século VIII.

Verdadeiro

Falso

---

b. Os edificios máis importantes das cidades andalusí eran as catedrais e os alcázares.

Verdadeiro

Falso

---

c. *Hachib* era o visir de maior categoría. Al Mansur foi un *hachib* que chegou a alcanzar gran poder.

Verdadeiro

Falso

---

d. No período almorábide a capital foi Marraquex.

Verdadeiro

Falso

---

e. A cidade de Málaga pertenceu ao reino nazarí de Granada.

Verdadeiro

Falso

---

f. A maioría da poboación de al-Ándalus conservou a relixión



cristiá (mozárabes).

Verdadeiro

Falso

---

g. O territorio dividíase en coras (provincias), gobernadas por un califa.

Verdadeiro

Falso

---

h. O emir era tamén xefe relixioso da comunidade islámica.

Verdadeiro

Falso

2. Completa o seguinte texto segundo corresponda.

No ano 756 proclamouse emir en Córdoba  e, xunto a , estableceron un sistema dinástico de sucesión e reforzaron o estado omeia. Desde finais do século IX producíronse rebelións contra a autoridade do emir, ata a chegada de , que pacificou e unificou al-Ándalus e converteu o emirato nun califato no ano 929.

Nos últimos decenios do século X destacaron as incursións contra os cristiáns dirixidas por , que fora *hachib* do califa e chegara a gobernar al-Ándalus e o Magreb. Tralos avances dos reinos cristiáns na Plena Idade Media, o reino nazarí de Granada fundado por  foi o último Estado musulmán vixente na Península.

**3.** Analiza o texto respondendo ás seguintes cuestións.

«No Nome de Deus, o Clemente, o Misericordioso. Escrito que Abd al-o-Aziz ibn Musa ibn Nusair [Abdelaziz] dirixe a Tudmir ibn Abdush [Teodomiro, fillo dos godos]. Este último obtén a paz e recibe a promesa de que a súa situación e a do seu pobo non se alterará; de que os seus súbditos non serán mortos, nin feitos prisioneiros, nin separados das súas esposas e fillos; de que non se lles impedirá a práctica da súa relixión, e de que as súas igrexas non serán queimadas nin desposuídas dos obxectos de culto que hai nelas; todo iso mentres satisfaga as obrigas que lle impoñemos.


Concédeselle a paz coa entrega das seguintes cidades: Uryula [Orihuela], Baltana, Laqant [Alacante], Mula, Villena, Lurqa [Lorca] e Iso. (...) El e os seus súbditos pagarán un tributo anual, cada persoa, dun dinar en metálico, catro medidas de trigo, cebada, zume de uva e vinagre, dous de mel e dous de aceite de oliva; para os servos, só unha medida.

Dado no mes de Rayab, ano 94 da Hégira [713].»


Sitúa o texto no tempo: con que etapa do islam na Península se corresponde? Localiza as localidades ás que se fai referencia: de que zona se trata?




**4.** Identifica os asinantes do acordo e a idea principal do texto.



5. Amplía a información sobre as alianzas entre os musulmáns e a nobreza visigoda a través da biografía dos protagonistas do tratado.



6. Completa o seguinte eixe cronolóxico cos feitos correspondentes.



\_\_\_ Califato de Córdoba

\_\_\_ Reino nazarí de Granada

\_\_\_ Emirato Omeia de Córdoba

\_\_\_ Conquista e formación de Al-Ándalus

\_\_\_ Os reinos de Taifas e as invasións norteafricanas

7. Identifica o enunciado que non se corresponda coa imaxe que che amosa.



- En Galicia estababase formando o reino suevo.
- Reflicte a instauración do emirato omeia na Península Ibérica.
- A dinastía omeia foi desprazada do poder en Damasco.
- Abd Al Rahman I recoñecía a autoridade relixiosa do califa de Bagdad.

8. Que factores propiciaron o xurdimento dunha economía urbana e comercial en al-Ándalus?



# Os reinos cristiáns peninsulares

## Do norte cara ao sur: orixe e expansión dos reinos cristiáns

A irrupción dos musulmáns no 711 supuxo a liquidación do estado visigodo e a integración da metade sur da Península no mundo islámico. Nos territorios do norte non sometidos ao poder musulmán xurdirán **núcleos de resistencia** que darán lugar á formación de diversos reinos e condados. Estas novas autoridades compartían a mesma relixión (cristiá) pero eran independentes politicamente.

Os novos poderes do norte cristián iniciaron un paulatino proceso de conquista e ordenación política do territorio en poder dos musulmáns.

### Reinos occidentais

No noroeste peninsular o reino suevo fora anexionado polos visigodos no século VI, converténdose nunha entidade dependente do reino de Toledo. A liquidación do reino visigodo trala chegada dos musulmáns dará lugar á formación dunha nova autoridade real no noroeste peninsular: distintos nobres emerxen desde os seus territorios, recorren a pactos, alianzas matrimoniais e mesmo á guerra para acadar a supremacía sobre os demais e controlar o territorio e as súas xentes.

O primeiro núcleo de resistencia xurdiu nas montañas cantábricas onde un caudillo local, Paio (718-737), obtivo o apoio da poboación local (astures) e enfrontouse aos exércitos árabes ([Batalla de Covadonga](#), 722). Desde entón, os sucesores de Paio (Afonso I e Afonso II) instaláronse na cidade de **Oviedo** e desde alí organizaron unha

monarquía que desde terras asturianas foi estendéndose a leste e oeste, abrangendo desde Galicia ata os Pireneos.

Neste espazo político, en fronteira con al-Ándalus, consolidouse unha monarquía que paulatinamente pasará de ser electiva a hereditaria. A capital establecida inicialmente en Oviedo trasladouse en tempos dos reis García e Ordoño II a León (910), polo que algúns historiadores empregan a denominación reino de Asturias (718-910) durante a primeira etapa e reino de León (910-1037) tras desprazarse a capital. Porén, a maioría das fontes da época refírense a todo o territorio cristián do noroeste peninsular como Gallaecia (Galicia). Poderíamos falar entón dunha **monarquía galaica** na que os reis eran identificados coa cidade na que se asentaba o seu trono. Deste xeito, a partir do século X os reis de Galicia deixaron de empregar o título de *ovetense* para se titularen *legionense*, aludindo á cidade de *Legio* (León) onde se establecera a corte.

## O reino medieval de Galicia

Trala chegada dos musulmáns e a desaparición do estado visigodo (711) produciuse a **reorganización da monarquía galaica** ao longo dos séculos VIII e IX. Debido a que a documentación para este período é escasa e confusa, carecemos de información precisa sobre a denominación e os límites da nova autoridade monárquica xurdida no noroeste peninsular.



## Galicia non foi ocupada polos musulmáns.

As fontes da época adoitan referirse a todo o norte peninsular cristián, agás os condados pirenaicos, co nome de **Galicia**, evocando así os antigos límites do reino suevo. Abranguen un conxunto de territorios dependentes dunha **monarquía con sé en Oviedo ou León**, é dicir, na Gallaecia. Porén, non todos eles eran culturalmente galegos.

Esta concepción xeográfica aparece reflectida na documentación real ou na procedente dos cronistas árabes. Por exemplo, aínda que **Afonso II** é coroado en Oviedo, as fontes refírense a el como *rex Gallitiae et Asturiae* (rei de Galicia e Asturias). Algo semellante ocorre co rei en Oviedo **Afonso III**, a quen o papa Xoán VIII chamaba nunha carta «amado fillo Afonso, glorioso rei das Galicias».

Nas fontes árabes denominaron o noroeste peninsular como **Jalikiah** ou **Yilliquiyya**, e nelas segue predominando unha visión extensa do que era Galicia. Así, o historiador cordobés do século X Ibn Haián, escribía que «Clunia é o primeiro límite de Galicia», referíndose á localidade de **Coruña del Conde (Burgos)**, territorio oriental da antiga Gallaecia (**convento cluniense**).

Outra fonte empregada para coñecer a organización territorial altomedieval é a **cartografía**. De novo, a referencia máis común para designar **o espazo do noroeste é Galicia**, aínda que tamén aparecen referencias a Asturias. Pola contra, o territorio baixo dominio musulmán identifícano como *Spania*. Así acontece no **Mapamundi de Beato de Liébana** ou no mapamundi inglés de Sawley, do que podes obter máis información **nesta noticia**.





Desde 1037 o reino estivo gobernado por unha muller, Sancha I de Galicia, e polo rei consorte Fernando I, conde de Castela.

**Desde finais do século XI, produciuse a fractura** desta área extensa que demos en chamar Reino de Galicia, ao xurdir no seu seo poderes feudais que se afirman e comezan a actuar de xeito autónomo. Progresivamente, a partir do antigo convento cluniense creouse o condado de Castela, xurdiu un espazo político arredor da Corte de León e, máis tarde no territorio lusitano, naceu o reino de Portugal.



Trala morte de Fernando I (1065) o reino foi dividido entre os seus fillos, xurdindo así diferentes dominios: Galicia (García II), León (Afonso VI) e Castela (Sancho II, que será o primeiro rei de Castela).

No ano 1085 Afonso VI anexionara o reino musulmán de Toledo. No Códice Calixtino, **Afonso VI** denomínase *imperatoris Yspanie et Gallecie*, en referencia ao territorio da Gallaecia e ao recién anexionado Toledo (pertencente á *Spania* musulmá). Con esta incorporación, **o centro político da monarquía desprazouse da área galaica** (que establecera a súa capital política en Oviedo e León, aínda que a capital relixiosa era Compostela) á zona de **Castela-Toledo** onde a monarquía se asentara para expandirse sobre os reinos andalusís do sur.

Entre os séculos XII e XIII, baixo os sucesivos reinados de **Afonso VII** (ou Reimúndez), Fernando II e Afonso IX, o reino de Galicia viviu un período de prosperidade económica e esplendor cultural denominado «**Era compostelá**». Foi o tempo de Xelmírez, no que se intensificaron as rutas xacobeas a Santiago e se compuxeron as cantigas.

No século XIII, baixo o reinado de Fernando III (1217-1252), os territorios de Galicia-León e de Castela-Toledo uníronse baixo unha mesma coroa, a de **Castela e León (1230)**. O reino de Galicia foi integrado na Coroa de Castela, e mantivo unha relación de dependencia política ao

longo da Baixa Idade Media. Con todo, conservou a denominación oficial de Reino de Galicia até 1833.

## O xurdimento de Castela: de condado a reino

No territorio oriental do reino, o monarca Afonso III levantou a finais do século IX unha liña defensiva de castelos para protexer a fronteira con al-Ándalus. Esta franxa recibiu o nome de Castela, e o seu goberno recaeu en condes dependentes dos reis de León, xurdindo así o condado de Castela. Un destes condes, Fernán González (século X), afianzou o seu poder e comezou a debilitar os vínculos feudais cos reis leoneses, convertendo o título de conde de Castela en hereditario e logrando que o condado adquirira unha maior autonomía. O proceso de afirmación de Castela consolidouse anos despois trala morte de Fernando I (1016-1065), cando o condado de Castela se converteu no reino de Castela (1065) independente, aínda que en ocasións estivo unido ao de León. O primeiro monarca en ostentar o título de rei de Castela foi **Sancho II** (1065-1072).



Localización de Castela a comezos do século XIII.

# Núcleos orientais

Outros focos de resistencia xurdiron no nordeste peninsular, na zona pirenaica, situada entre dous fortes poderes: os francos ao norte, e os musulmáns ao sur. Para protexer a fronteira sur, Carlomagno creará a finais do século VIII a **Marca Hispánica**, unha serie de condados que se estendían desde Pamplona a Barcelona que estiveron gobernados por condes e marqueses **dependentes dos monarcas carolinxios** ao longo do século IX.




## Os condados da Marca Hispánica.

Trala morte de Carlomagno, e aproveitando a descomposición do poder carolinxio, os condes comezaron a se desvincular dos reis francos, polo que os lazos de dependencia co mundo carolinxio fóronse debilitando. A autonomía destes condes consolidouse cando converteron os seus títulos en hereditarios, e comezaron a unificar os condados creando entidades políticas maiores (reinos).

Xurdiron así as seguintes entidades políticas:

- **Reino de Navarra (Pireneo occidental).** No territorio dos [vascóns](#) formouse un novo poder político independente de francos e árabes arredor da cidade de Pamplona e liderado pola familia dos Íñigos.

Íñigo Arista foi o fundador da dinastía e primeiro monarca do reino de Pamplona (824). Durante o século X e comezos do XI a monarquía consolidouse e ampliou o seu territorio, que pasará a denominarse reino de Navarra mantendo a capital en Pamplona. O período de máximo esplendor aconteceu baixo o mandato de Sancho III o Maior (1004-1035), cando o reino de Navarra se converteu na potencia hexemónica entre os reinos cristiáns, e abranguía territorios de Navarra, País Vasco, A Rioxa, Castela e os condados aragoneses. Á súa morte, Sancho III dividiu o reino entre os seus fillos.



### División dos territorios de Sancho III

- **Reino de Aragón (Pireneo central).** O núcleo aragonés formouse no século IX cando os condados de Aragón, Sobrarbe e Ribagorza conseguiron independizarse dos reis francos. Trala morte de Sancho III de Navarra, un dos seus fillos, Ramiro I, unificou os tres condados e converteuse no primeiro monarca do reino de Aragón (1035).
- **Condados cataláns (Pireneo oriental).** O territorio oriental da Marca Hispánica fragmentouse en pequenos condados trala descomposición do poder carolinxo. A finais do século IX o condado de Barcelona logrou reforzar a súa autoridade, cando o conde Vifredo o Veloso aglutinou os restantes condados cataláns mediante relacións de vasalaxe, e designou aos seus fillos como herdeiros. Iniciábase así a independencia política fronte aos poderes francos, que se confirmou cando Borrell II se negou a renovar o xuramento de vasalaxe ao novo rei franco (988). Durante o século XI, os sucesores de Borrell II gobernaron un condado xa independente e mesmo acuñaron moeda propia coa súa efixie e nome.

# Expansión: «Reconquista» e repoboación

## O proceso de conquista

Unha vez conformados os reinos e condados do norte peninsular, comezaron a ampliar os seus dominios expandíndose sobre al-Ándalus. Os reinos cristiáns desenvolveron un proceso lento, longo e desigual de incorporación de territorios dominados polo islam que foi denominado **Reconquista**.

# Reconquista ou conquista?

Aínda que o termo «Reconquista» está moi popularizado, actualmente os historiadores critican a súa falta de precisión para designar o proceso de expansión miliar dos reinos cristiáns. De feito, o termo nunca foi usado na Idade Media, senón que foi unha construción de finais do século XIX.

A idea de reconquista induce a pensar na recuperación dun espazo previamente conquistado, pero os habitantes dos núcleos do norte nunca controlaran o territorio ocupado polos musulmáns. Os clérigos mozárabes fuxidos de al-Ándalus e os monarcas da corte de Oviedo (como Afonso II) construíron unha ideoloxía denominada neogoticismo, coa que pretendían lexitimar o seu poder presentándose como herdeiros e restauradores da monarquía visigoda. Porén, non existiron tales vínculos políticos ou ideolóxicos entre a monarquía visigoda e os pequenos reinos xurdidos no norte peninsular, e de feito moitos destes pobos combateran tanto a Roma como ao estado visigodo.

Ademais, a dilatada extensión no tempo e a discontinuidade da guerra e os bandos enfrontados, cuestionan a «reconquista» como un proceso uniforme e constante. É difícil pensar que se mantivese unha empresa común ao longo de oito séculos sostida por ducias de xeracións ao longo de períodos tan dispares. Ademais, non podemos afirmar que existisen dous bandos tan claramente diferenciados nestes oito séculos, senón que en moitas ocasións se produciron alianzas mixtas de musulmáns e cristiáns, por exemplo para combater aos almohades.

Debemos entender esta expansión dos reinos cristiáns peninsulares no contexto da Idade Media Plena (XI-XIII) de afirmación das monarquías e conflitos polo control do territorio. Un dos factores que explican a conquista é o control de recursos como a auga: a recuperación dun río, por exemplo, permitía dispor de rego para a agricultura e mellorar a economía.

As etapas de maior expansión coincidían cos períodos de debilidade do Califato. Así, o avance da conquista era rápido nos momentos de división interna en Al Andalus, pero estancábase cando estaba forte e unida.

A ampliación de terras foi tamén realizada en nome de Deus, nun tempo no que a idea de reconquistar terras para o islam ou a cristiandade era algo común en ambos casos. A Igrexa católica construíu unha ideoloxía que xustificaba a conquista como unha cruzada contra os inimigos da fe cristiá, polo que recibiu o apoio do papado.

A expansión produciu cambios nos propios reinos peninsulares, pois coa ampliación do territorio modificáronse as súas fronteiras: algúns agrupáronse formando estruturas maiores, algúns desapareceron, e creáronse outros novos.

Analizaremos o avance e reorganización dos reinos cristiáns en tres etapas:

## A expansión entre os séculos XI e XII

As primeiras conquistas de territorio en poder do islam comezaron xa no século IX cos monarcas de Oviedo, até que Afonso III alcanza a liña do Douro (910). No século X non se produciron avances significativos pola estabilidade que al-Ándalus alcanzara durante o mandato de Abd Al Rahman III e polas campañas de Almanzor a finais da centuria. Polo tanto, no ano 1000 a situación na Península era de claro predominio árabe.

No século XI coa crise do Califato e a descomposición de al-Ándalus en taifas (1031), os reinos cristiáns retomaron o proceso de conquista. As taifas, agora en inferioridade militar, intentaron deter ou mitigar o avance cristián a través do denominado sistema de parias. As parias eran tributos que os gobernantes das taifas debían entregar aos reis cristiáns para asegurarse o seu apoio ou neutralidade. As parias non só se pagaban para non ser invadidos; moitos reis de taifas pagaban aos reis cristiáns ese tributo en compensación por recibir axuda militar para enfrontarse a outros reis musulmáns.

Os ingresos procedentes das parias reforzaron a economía dos reinos cristiáns, pois co ouro recibido puideron construír novos castelos e contar con máis guerreiros. Pola contra, os gobernantes das taifas tiveron que aumentar a presión fiscal sobre as súas poboacións para satisfacer os pagamentos, o que provocou un gran malestar e que se produciran revoltas.

Ademais, o sistema de parias non impediu que durante os séculos XI e XII, os reinos cristiáns avansasen as súas fronteiras até o río Texo e Douro. As anexións de Toledo (1085) e Zaragoza (1118) serán os fitos máis significativos deste avance.





Expansión dos reinos cristiáns entre os séculos XI e XII.

## Consolidación e expansión: séculos XII e XIII

Unha vez consolidadas as monarquías, baseadas en dinastías hereditarias, os Estados cristiáns continuaron o avance cara o sur sobre territorios en poder dos musulmáns. O proceso de expansión deu lugar á formación de novos reinos, e ao agrupamento destes en coroas.



Reinos e coroas peninsulares.

## O reino de Portugal

Á súa morte en 1096, Afonso VI dividiu os seus territorios en dous condados. Ao norte quedaron as terras galegas e ao sur as portuguesas, baixo poder de Henrique de Borgoña. En 1139, o seu fillo Afonso Henriques tomou o título de Afonso I e proclamou a independencia do reino de Portugal. En 1147 ocupou Lisboa, que acabaría por se converter na capital do reino.



# A coroa de Castela

En 1230, **Fernando III**, rei de Castela, usurpou os tronos de Galicia e León. Deste xeito, unificou definitivamente os reinos de Castela e León que herdara de seus pais. Da unión destes dous reinos xurdiu a **coroa de Castela (1230)**, que englobaba diferentes reinos baixo o seu control, como o de Galicia, aínda que o seu centro de decisión estaba no de Castela.



A coroa de Castela.

## O reino de Navarra

Sen fronteira cos reinos musulmáns, Navarra foi quedando illada entre os reinos de Aragón e Castela desde inicios do século XIII. Para asegurar a súa independencia, amparouse na protección de Francia, de onde procedían as dinastías que a gobernaron durante a Baixa Idade Media: Filipe o Fermoso, por exemplo, foi a un tempo rei de Francia e Navarra entre 1284 e 1314.

# A coroa de Aragón

Trala separación definitiva dos reinos de Aragón e Navarra, creouse a **coroa de Aragón en 1137** polo casamento de Ramón Berenguer IV, conde de Barcelona, e Petronila de Aragón. A pesar da unión dinástica, [os territorios da Coroa](#) mantiveron as súas propias institucións.

Estas monarquías imprimiron un forte impulso ao proceso de anexión de territorios no século XIII. A actuación conxunta dos reis de Castela (Afonso VIII), Navarra (Sancho VII) e Aragón (Pedro II) derrotou aos almohades na batalla das Navas de Tolosa (1212). Nos cincuenta anos seguintes, os reis de Castela ocuparon por completo o val do Guadalquivir, até reducir o territorio musulmán ao reino de Granada. Ao tempo, Portugal completou a súa expansión cara ao sur coa toma de Faro (1249), que supuxo a incorporación do Algarve.



Evolución da fronteira entre os reinos cristiáns e Al Ándalus.

Pola súa banda, na zona oriental da Península a Coroa de Aragón centrouse na expansión polo Mediterráneo. Xaime I, O Conquistador, incorporou á coroa as Baleares e o Levante. Algúns destes territorios, como Mallorca e Valencia, foron


incorporados como reinos dentro da coroa de Aragón, mantendo as súas institucións e costumes. O seu fillo Pedro III ocupou a illa de Sicilia, da que foi coroado rei.

## A expansión castelá e aragonesa na Baixa Idade Media (séculos XIV-XV)

Tralas exitosas campañas da Plena Idade Media, a finais do século XIII a maioría do territorio peninsular estaba controlado polos estados cristiáns. O reino de Granada erixíase no último reduto de presenza musulmá.

A expansión dos séculos XIV e XV foi lenta e pausada, e con ela completouse a conquista da Península e orientouse cara ao Atlántico e ao Mediterráneo:

- **Coroa de Castela:** logrou arrebatarse o control do estreito de Xibraltar (1462) ao reino de Granada, e desde entón dirixiu a súa expansión cara o Atlántico. Ao longo do século XV desenvolveuse a conquista das Illas Canarias, desde a toma de Lanzarote (1402) ata a de Tenerife (1496). A coroa de Castela continuaría a súa expansión a finais de século coa conquista de prazas no norte de África (Melilla, Orán, Alxer, Trípoli) e de América (1492).
- **Coroa de Aragón:** o desenvolvemento económico experimentado a partir do século XIV dirixiu a súa expansión cara ao Mediterráneo, para asegurar as rutas comerciais. Xaime II conquistou Sardeña (1323), e despois del o dominio do Mediterráneo consolidouse grazas ao control dos ducados de Atenas e Neopatria coa colaboración dos almogávares. Xa no século XV, Afonso V incorporou tamén Nápoles aos dominios da coroa de Aragón.



## Expansión da coroa de Aragón polo Mediterráneo

A fin do período medieval e o comezo da Idade Moderna peninsular coincide co reinado dos **Reis Católicos** (1479-1516). O matrimonio entre o príncipe de Aragón, Fernando, e da princesa Sabela de Castela supuxo a **unión das coroas de Castela e Aragón**.

Tratouse dunha unión dinástica, polo que non se creou un único reino senón que Aragón e Castela mantiveron as súas leis e institucións. Ademais, durante o reinado dos Reis Católicos concluíu a conquista do territorio peninsular coa **toma do reino nazarí de Granada** (1482-1492).



Posesións dos Reis Católicos.

## Ocupación e repoboación do territorio conquistado

A medida que avanzaba a ocupación militar, os reinos cristiáns levaron a cabo a ocupación e organización do territorio e a poboación. Este proceso terá unha importancia fundamental na conformación da sociedade feudal na Península.

Algúns historiadores consideraron que as terras do val do Douro se atopaban completamente despoboadas, constituíndo o chamado «ermo do Douro» como fronteira estratéxica entre al-Ándalus e os reinos cristiáns. En base a esta hipótese, denominaron ao proceso de colonización de terras como «repoboación».

Con todo, investigacións arqueolóxicas posteriores revelaron evidencias de que nunca se producira tal baleiro integral. Aínda que trala ocupación do val algúns fuxiron e produciuse un descenso demográfico, sabemos que alí permaneceron grupos humanos dedicados á agricultura e o pastoreo organizados en núcleos dispersos de poboación. É certo que chegaron novos poboadores ás terras conquistadas, pero debemos entender a repoboación fundamentalmente como o proceso de reorganización dos grupos humanos xa existentes na zona.

Esta repoboación levouse a cabo mediante sistemas moi diversos. Na *presura*, o sistema máis habitual durante os séculos IX e X, a terra en forma de alodios entregábase a campesiños libres que se gobernaban mediante concellos. Con todo, tamén os nobres se serviron deste sistema para fundar mosteiros ou asentar os seus señoríos. No val do Douro e no Ebro, anexionados durante os séculos XI e XII, o sistema preferido foi a creación de concellos en cidades fronteirizas por iniciativa real. Para atraer poboación, os monarcas concedían aos habitantes que se trasladasen a elas vantaxes fiscais e outros privilexios que quedaban sancionados nun **foro ou carta de poboamento**.

Na metade sur da Península foron a nobreza e as ordes militares as que recibiron do rei a maior parte da terra cultivable, creando así enormes latifundios. Fose cal fose o sistema empregado para a repartición da terra, o obxectivo era sempre o de garantir a defensa do territorio e a súa explotación agrícola, así como o de recompensar os esforzos de guerra realizados pola nobreza, a Igrexa e a poboación en xeral.

## Os camiños de Santiago

As peregrinacións constituíron un dos grandes movementos de xentes no período medieval. Ao igual que acontecía cos musulmáns (A Meca), na cristiandade organizáronse viaxes relixiosas e espirituais aos lugares santos para facerse perdoar os pecados. Os tres principais lugares de peregrinación cristiá foron O Vaticano (Roma), Xerusalén e Santiago de Compostela.

As orixes do [Camiño de Santiago](#) identifícanse co achado do sartego de Santiago O Maior, un dos apóstolos máis próximos a Xesucristo, en tempos de Afonso II (813). Aínda que a autenticidade destes restos é, aínda hoxe, discutida, o rei mandou levantar un templo naquel lugar que, co tempo, daría lugar a unha das cidades máis importantes da Europa medieval:

**Compostela**, *campus stellae*, 'campo da estrela' que supostamente tería sinalado o lugar a Teodomiro.

O certo é que por detrás do descubrimento estaban os intereses comúns do clero e a monarquía, interesados en fortalecer o reino de Galicia a través de vínculos relixiosos fronte á ameaza que o Califato representaba para os reinos cristiáns. Ademais, querían afirmar a independencia do núcleo galaico fronte á igrexa mozárabe de Toledo e ao Imperio franco carolinxio, que contaba coa lexitimidade do papado.

No século XI comezaron as obras para a construción da **Catedral** e, nunha época de pleno rexurdir urbano (século XII), o arcebispo Xelmírez converteu Santiago en sé episcopal. En 1122 declarouse o primeiro «**Ano Santo**», condición reservada para aqueles anos nos que o día 25 de xullo coincida en domingo. Desde entón, peregrinos chegados desde todos os puntos da cristiandade peregrinaron á cidade seguindo **diferentes rutas**, tamén por vía marítima. As peregrinacións xacobeas acadaron o seu auxe nos séculos XII e XIII, decaendo a partir da Peste Negra do século XIV.



A creatividade dos publicistas ampliou o tradicional catálogo de iconas do Camiño, sempre coa base da **vieira**.

O camiño ata chegar a Santiago era longo e non estaba exento de perigos. Un peregrino que por exemplo saíse dos Pireneos, non tardaría menos de dous meses en regresar ao seu fogar.

Ademais, a diferenza de hoxe, na Idade Media non existía nada semellante a unha rede de albergues. Por estas razóns, é moi difícil pensar que os labregos puideran participar masivamente destes fenómenos.

O Camiño de Santiago foi unha **vía de intercambio** económico (mercadorías) e cultural (románico e gótico), e foi en definitiva a vía de comunicación de Galicia co resto do mundo.



## O CODEX CALIXTINUS

O Códice Calixtino ou *Liber Sancti Iacobi* é algo parecido a unha gran enciclopedia xacobeá, que na parte final inclúe unha “Guía do Peregrino” con abundosa información das rutas, a cidade e a catedral de Santiago no século XII.

«Ordeouno copiar Diego Xelmírez, bispo de Santiago de Compostela entre 1100 e 1139, que se incluíron engadidos posteriores ao mandato deste bispo. Trátase da copia máis antiga dun conxunto de relatos coñecido como o *Liber Sancti Iacobi*, no que interviñeron cando menos tres, quizás catro, mans diferentes. Esa copia foi chamada *Codex Calixtinus* debido a que os primeiros folios conteñen unha carta, tal vez apócrifa, que o papa Calixto II, presunto irmán do *Liber*, tería enviado a Diego Xelmírez ratificando a importancia de Compostela como o lugar onde repousaban os restos do apóstolo Santiago. Desde o século XII o Codex consérvase no arquivo da catedral compostelá. Consta de vinteseite cadernos, que foron alterados en varias ocasións. Fáltanlle os folios 1 e 220, que se supón que estarían en branco. Encadernouse no século XII en coiro repuxado con debuxos de rombos. Foi moi consultado durante a Idade Media, ata que en 1609 a súa composición orixinal alterouse e caeu no esquecemento. No século XIX foi redescuberto e desde entón ten sido estudado por numerosos expertos en historia, arte e música sacra medieval. Foi restaurado en 1966 para devolverlle o aspecto e a composición que presentaba no século XII. »

José Luis Corral. *El Códice del Peregrino*



Representación do apóstolo Santiago no Códice Calixtino.


# Actividades

1. En «Lourenço, xograr» Manuel Portas recrea o universo galego-portugués de mediados do século XIII a través das aventuras dun rapaz que soña con ser trovador. Le neste fragmento a descrición da súa chegada a unha feira e relaciona o relato co que aprendiches na unidade.


«Feira de verdade a da Vila Nova. A que fan en Famalicão, que o rei don Sancho, o Capelo, lle concedeu a Carta e non hai que pagar portaxes nin décimas ao bispo, nin portádego nin pontádego a ningún señor. Achéganse alí os mercadores mouros para venderen as súas túnicas bordadas, as súas elegantes babuxas, os seus tupidos albornoces, os veos para as mulleres mellor agacharen os seus labios, e traen outrosí froitas e especiaría que recende a terras exóticas, a canela en rama, a xenxibre, a azafrán. Chantan tamén os seus telderetes os feirantes de Castela, que gastan a voz a proclamaren aos catro ventos as excelencias dos seus panos de lá meiriña e de liño fino de Burgos, e a suavidade das teas que disque veñen de Flandres, e estenden pola feira adiante os aromas intensos dos seus aceites mestos e do pan feito con fariña munda, que tan só con ulilo xa alimenta a quen a el se achegar. Mesmo recalán na feira algúns venecianos, fachendeando da delicadeza dos tecidos que traen de Oriente, e das armas máis sofisticadas de cantas se coñecen na cristiandade, con aqueles acabados imposíbeis de imaxinar, e dos perfumes máis subtís, e das esencias máis exquisitas, feitas con almisce, con flores da montaña e, traído dos portos da illa de Sumatra, o sempre prezado alcanfor. Todos, forasteiros de cen mil orixes, andan a confundirse cos portugueses de nación ao longo dunha semana enteira no campo da feira, nas tabernas dos arrabaldes, nas pousadas, nas albergarías, que todo é alegría e festa de nunca acabar.»

Manuel Portas. *Lourenço, xograr*. Editorial Galaxia. 2015.


En que país se ambienta a escena? Cando se formou?



2. De que vantaxes fiscais goza a vila onde se realiza a feira? Quen as concede? Por que?



3. Localiza no seguinte mapa a orixe dos comerciantes e fíxate nos produtos que se intercambiaban.



4. Relaciona cada cidade co papel que desempeñou.

Santiago de Compostela

Centro de peregrinación durante a Idade Media.

Toledo

Enclave da Coroa de Aragón no Mar Mediterráneo.

Barcelona	Centro da monarquía galaica desde o século X.
Pamplona	Condado máis importante do Pireneo oriental.
Lisboa	Taifa musulmá anexionada en 1085.
Sardeña	Capital do reino de Navarra.
Granada	Capital do reino de Portugal.
Tenerife	Capital do reino Nazarí.
León	Incorporada á coroa de Castela no século XV.

5. Sinala a descrición que mellor se axeite ao mapa que se che amosa.



- Formación das taifas peninsulares no século XI.
- Chegada dos musulmáns ao sur peninsular no século VIII.
- Inicio das expansión dos reinos peninsulares na Plena Idade Media.

- Coroas de Castela e Aragón na baixa Idade Media.

6. Sinala a descrición que mellor se axeite ao mapa que se che amosa.



- Conquista e expansión musulmá (711-719).
- Expansión dos reinos cristiáns nos séculos XI e XII.
- División territorial da Península no século X.
- Expansión dos reinos cristiáns na Baixa Idade Media.

7. Relaciona os seguintes territorios da Marca Hispánica coa numeración do mapa.



\_\_\_ Reino de Aragón

\_\_\_ Reino de Pamplona

\_\_\_ Reino de Catalunya

# Organización política, económica e social dos reinos cristiáns

## A organización política dos reinos cristiáns

### As monarquías

A organización política do espazo peninsular durante a Idade Media foi moi complexo. Os poderes xurdidos no norte lograron afianzarse ata converterse en monarquías hereditarias, e fóronse conformando a medida que avanzaba a conquista sobre al-Ándalus como as principais institucións de goberno.

As monarquías peninsulares caracterizáronse por:

- **Soberanía real de orixe divina:** xustificaron o seu poder argumentando que procedía directamente de Deus, para o que contaron coa colaboración da Igrexa. Exercían diversas funcións: ditaban leis, impartían xustiza, dirixían os exércitos, acuñaban moeda etc.
- **Concepción patrimonial:** consideraban o reino como unha posesión persoal que transmitían aos seus herdeiros. Por iso foi frecuente a división do reino entre os fillos dun monarca, ou a unión de varios reinos debido a alianzas matrimoniais. A partir do século XIII, co reforzamento das monarquías, tendeu a transmitirse o reino integramente.



- **Monarquía feudal:** os monarcas eran señores, polo que estableceron relacións de vasalaxe cos seus súbditos (nobreza, clero) en base á entrega de feudos. Como xa estudamos, isto supuxo que a autoridade do monarca non fora absoluta. Ademais, deu lugar a situacións moi complexas, pois era frecuente a existencia dunha coroa con diferentes entidades dependentes no seu seo (reinos, condados, señoríos...). Como xa vimos, a coroa de Castela albergaba diferentes reinos<sup>[2]</sup>, e a coroa de Aragón estaba constituída por diferentes estados coas súas propias leis e institucións unidos baixo a figura do rei.

Existiron diferenzas entre a concepción do poder real nas dúas grandes coroas peninsulares:

- **Coroa de Castela:** tendeu a conformarse como unha monarquía **unitaria**, cun único Estado e unhas mesmas leis para todos os reinos —agás nos señoríos vascos e en Navarra—. Ademais, o poder do rei foi maior, se ben tivo que enfrontar as pretensións da poderosa nobreza castelá a partir da Baixa Idade Media.
- **Coroa de Aragón:** instituíuse a tradición **pactista** segundo a cal o monarca debía chegar a acordos cos Estados que a formaban, respectando as súas leis, institucións e costumes. Polo tanto, o poder do rei estivo máis limitado.

## As Cortes

Na primeira etapa dos reinos cristiáns os monarcas eran asesorados por un grupo de nobres, bispos e abades, que formaban unha asemblea denominada *curia rexia* ou consello real. Co ascenso da burguesía na Plena Idade Media, os representantes das cidades participaron nestas reunións, xurdindo así as Cortes. As primeiras foron as [Cortes de León \(1188\)](#) e xa no século XIII creáronse Cortes nos reinos de Castela e Navarra e na coroa de Aragón. Convocábaas o rei e a elas acudían representantes da nobreza, o clero e as cidades para tratar asuntos relacionados fundamentalmente coa **aprobación de novos impostos** para soste-lo aparato da monarquía.

- **Coroa de Castela:** as Cortes tiveron unha función meramente **consultiva** por mor da maior autoridade do rei. Non podían aprobar leis senón que as súas funcións eran exclusivamente fiscais, polo que os representantes da nobreza e o clero deixaron de asistir ao non ter que pagar impostos.
- **Coroa de Aragón:** debido ao carácter pactista a monarquía debía **contar coas Cortes para gobernar**, tanto para aprobar novos impostos como para establecer as leis. Os acordos emanados das Cortes debían ser respectados polo monarca. Ademais, os territorios máis importantes dos que compoñían a Coroa dispuñan das súas propias Cortes (Valencia, Aragón, Cataluña), onde se sitúa a orixe da [Generalitat](#) actual.

# O goberno das cidades

As cidades contaban co seu propio goberno, que chegou a acadar certa autonomía.

- **Coroa de Castela:** nas cidades creáronse os cabidos, que acabaron acaparados pola poderosa nobreza castelá fortemente vinculada ao rei. Este patriciado urbano exercía a representación das cidades con voto nas Cortes de Castela (Toledo, Ávila, Salamanca, Soria, Guadalaxara, León, Burgos, Valladolid, Toro, Zamora, Cuenca, Madrid, Córdoba, Xaén, Murcia, Granada, Sevilla).
- **Coroa de Aragón:** o desenvolvemento comercial orixinou unha influínte burguesía que manifestou o seu poder nas cidades a través dos grandes comerciantes e artesáns.

## Economía e sociedade nas coroas de Castela e Aragón

En Castela a maioría da poboación vivía do cultivo de cereais, vide e oliveira nas terras de secaño. Porén, adquiriu unha crecente importancia a gandería ovina baseada na cría de ovellas de raza meriña, das que se obtiña unha la de excelente calidade e moi demandada.

### Castela: o auxe da gandería e o comercio da la

En Castela a actividade económica á que se dedicaba a maioría da poboación era a agricultura, que consistía no cultivo de cereais, vide e oliveira nas terras de secaño. Porén, adquiriu unha crecente importancia a gandería ovina baseada na cría de ovellas de raza meriña, das que se obtiña unha la de excelente calidade e moi demandada.

Os rabaños eran propiedade dos grupos privilexiados (nobreza, clero, ordes militares ou a propia monarquía), e trasladábanse desde as chairas do val do Douro ás montañas cantábricas por uns camiños chamados canellas. Para protexer esta actividade e regular a [transhumancia das ovellas](#), fundouse o *Honrado Concejo de La Mesta*. A miúdo xurdían conflitos polo choque de intereses entre gandeiros e

agricultores pola invasión das terras de cultivo polos animais. A poderosa oligarquía gandeira logrou que o rei resolvese estes conflitos ao seu favor, xa que ademais a monarquía obtiña importantes ingresos polo cobro de dereitos de paso polas terras de reguengo. En consecuencia, o desenvolvemento agrícola viuse prexudicado.

A la converteuse no principal produto de exportación do comercio castelán, fonte dun gran desenvolvemento económico. As rutas da la partían de Burgos, e desde alí transportábase aos portos do Cantábrico onde viaxaba por mar ata as industrias paneiras de Inglaterra e Flandres.



Canellas e centros comerciais.



## Rutas comerciais castelás.

Este comercio permitiu ás clases privilexiadas castelás acumular riqueza e poder, en prexuízo da burguesía comercial e do campesiñado.

Repasa a actividade gandeira na Coroa de Castela con [este vídeo](#).

## Aragón: economía diversificada e auxe da burguesía


Na coroa de Aragón tamén a base da economía era a agricultura. Destacaron os cultivos da horta valenciana (cítricos, arroz) e cultivos industriais como o liño e o cáñamo.

O verdadeiro impulso para a economía da coroa veu da actividade artesanal e mercantil durante os séculos XIII e XV. Barcelona, [Valencia](#) ou Palma convertéronse en centros de produción de manufacturas téxtiles, metalúrxicas e barcos.

Así mesmo, funcionaron como centros de distribución de produtos grazas ao floreciente comercio marítimo. A conquista de territorios no Mediterráneo desde o século XIII, asegurou o control das rutas comerciais a comerciantes cataláns. Estes atravesaban o Mediterráneo ata o Mar Exeo, o norte de África ou o Imperio bizantino. Intercambiaban tecidos, aceite e obxectos de ferro por especias e tecidos de seda chegados de Oriente, ou trigo e ouro procedentes do Mediterráneo occidental e o

norte de África. As riquezas e o prestixio derivados do comercio marítimo permitiron á burguesía catalá ocupar as institucións de goberno.

Para protexer a actividade dos comerciantes creáronse os **Consulados do Mar**. Eran institucións creadas polo rei a petición dos mercadores que se encargaban de resolver conflitos entre comerciantes, para o que se nomeaban cónsules que actuaban como delegados ante as autoridades do país.



Expansión marítima no Mediterráneo da coroa de Aragón

## Conflictividade nas coroas de Castela e Aragón

As crises sociais que se viviron en toda Europa a raíz do andazo de Peste Negra tamén se fixeron notar na Península. A coroa de Aragón, por exemplo, coñeceu un cambio da dinastía reinante en 1412 ou a Guerra dos Remensas. Nesta última, os campesiños cataláns enfrontáronse aos seus señores durante máis de vinte anos, sen lograr aliviar as cargas que soportaban.

Castela, por exemplo, viviu unha guerra civil entre 1366 e 1369 cando Pedro I quixo afirmar a súa autoridade a custa do poder dos nobres. A guerra, saldada coa derrota de Pedro I, supuxo a chegada ao poder dunha nova dinastía, os Trastámara.

Aínda que os reis da casa dos Trastámara favoreceron nun principio á nobreza e o clero, encontráronse coa mesma oposición en canto quixeron afirmar a súa autoridade. Por esa razón, Castela vivirá novas guerras civís no século XV.

Castela interveu tamén nos asuntos dinásticos das monarquías limítrofes. Xoán I de Castela ambicionaba a coroa portuguesa, cuxo territorio invadiu en 1385. Rexeitado pola nobreza portuguesa foi derrotado na batalla da [Aljubarrota](#). Afirmouse entón a independencia de Portugal baixo o goberno dunha nova dinastía: a casa de Avís. Portugal encamiñábase á era dos descubrimentos e a creación do Imperio portugués.

A coroa de Castela, como a de Aragón, coñeceu revoltas campesiñas. A revolta irmandiña, que sacudiu o Reino de Galicia durante o século XV, foi a máis relevante.

## A revolta irmandiña en Galicia

Durante o século XV Galicia foi escenario de levantamentos populares que enfrontaron a xente do común coa nobreza. Estas revoltas antiseñoriais orixináronse polos abusos cometidos polos señores feudais (malos usos), que provocaron un sentimento de agravio que se foi acumulando e acabou transformándose nunha gran insurrección na primavera de 1467. O Reino de Galicia vivía ademais unha época convulsa caracterizada polos constantes enfrontamentos entre señores que crearon un ambiente de inseguridade.

O movemento iniciouse nas terras do señor Nuno Freire de Andrade O Mao, cando un fidalgo chamado Roi Xordo logrou agrupar os cidadáns de Pontedeume e Betanzos na denominada «Irmandade Fusquenlla» (1431). Os rebeldes da irmandade asaltaron fortalezas e chegaron a atacar Compostela, onde fuxira Nuno Freire coa súa familia, pero alí foron derrotados. Movimentos de semellantes características reproducíronse a mediados de século en terras de Santiago, Muros, Noia, Pontevedra e Arousa.

Pero a gran revolta irmandiña produciuse entre 1467 e 1469, pois nela se viron implicados todos os sectores da sociedade galega. En febreiro de 1467 convocouse a Xunta de Melide, trala que se constituíu a «Santa Irmandade do Reino de Galicia» que iniciou o movemento armado contra os señores. O movemento irmandiño contaba cunha ampla base social, integrada pola burguesía urbana, campesiños, artesáns e pescadores, cabaleiros, fidalgos e membros da pequena nobreza, e representantes do baixo clero como cóengos e curas de aldea.

Os irmandiños mobilizaron as xentes de diferentes comarcas formando exércitos de milicianos que se enfrontaron aos señores e destruíron a maioría dos seus castelos, torres e fortalezas (máis de 130 en total), obrigándoos a fuxir de Galicia. Foi unha verdadeira revolución, pois unha vez destronados os señores, Galicia foi gobernada durante os dous anos que durou o levantamento pola Xunta das irmandades, que pacificou o país e asumiu a organización da


xustiza, o exército e a facenda. Os irmandiños elixían en asembleas alcaldes e deputados para asistir ás Xuntas.



O Castelo de Pambre, en Palas de Rei (Lugo), foi das poucas fortalezas que quedaron en pé trala revolta irmandiña.

A **reacción nobiliar** produciuse na primavera de 1469 co envío de tres exércitos señoriais, apoiados polo rei: Pedro Madruga desde Portugal, o arcebispo Fonseca desde Salamanca, e o Conde de Lemos desde Ponferrada. A pesar da derrota militar dos irmandiños e o triunfo dos nobres feudais, a revolta mudou a situación en Galicia e constitúe unha clara expresión da crise do feudalismo: as rendas que debían pagar os campesiños foron rebaixadas. Ademais, a revolta favoreceu a transición do mundo feudal ao moderno, que conlevou a perda de poder da nobreza galega pola política centralista dos Reis Católicos.

OCEANO ATLANTICO



Evolución da gran guerra irmandiña.

Nesta curtametraxe de Héctor Carré recréase a revolución irmandiña.





## Sabías que...?

A revolución irmandiña foi unha manifestación da identidade nacional de Galicia na Idade Media, alicerzada nunha lingua común e na construción dun poder político propio. O afán de xustiza dos irmandiños deixou unha forte pegada na conciencia do pobo galego, que se pode percibir nalgúns elementos como:

- A Xunta de Galicia: a institución que actualmente goberna a comunidade autónoma afunde as súas orixes na Xunta medieval irmandiña. A Xunta do Reino de Galicia estivo vixente ao longo de toda a Idade Moderna, e nos séculos XIX e XX, e foi a base do recoñecemento político de Galicia como unha entidade diferenciada.
- As Irmandades da Fala (1916): o movemento galeguista e nacionalista do século XX tomou o nome das irmandades, e os seus integrantes chamábanse **irmáns** entre eles.
- Os irmandiños na cultura contemporánea: son moitas e diversas as referencias nas que os irmandiños serviron de inspiración a diferentes artistas. Existen desde homenaxes a personaxes como **Rui Xordo**, ata **poemas musicados** (que podes escoitar [aquí](#)), ou festas populares.

## Actividades

1. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. Na coroa de Aragón o monarca perdeu todo o seu poder, debido á ideoloxía pactista.

Verdadeiro

Falso

---

b. A maioría da poboación dedicábase a actividades agrícolas e gandeiras.

Verdadeiro

Falso

---

c. A artesanía e o comercio impulsaron o auxe da burguesía na coroa de Castela.

Verdadeiro

Falso

---

d. As Cortes de Castela eran órganos meramente consultivos.

Verdadeiro

Falso

---

e. A actuación dos monarcas casteláns favoreceu aos grandes propietarios de gando.

Verdadeiro

Falso

---

f. Os Consulados do Mar organizaban a saída de la cara desde os portos do Cantábrico ao norte de Europa.

Verdadeiro

Falso

---

- g. A burguesía chegou a ter maior presenza nas institucións da coroa de Aragón ca nas de Castela.

Verdadeiro

Falso

- 
- h. A autoridade dos monarcas na coroa de Castela era absoluta, é dicir, non tiña límites no seu exercicio.

Verdadeiro

Falso

2. Elixe as respostas correctas. Hai máis dunha resposta correcta por enunciado.

A revolución irmandiña do século XV...

... chegou a gobernar Galicia durante dous anos.

... foi un levantamento antiseñorial.

... mobilizou a xente das aldeas contra o poder do rei.

... destruíu as catedrais de Santiago, Ourense e Tui.

3. A coroa de Aragón diferenciábase da de Castela...

... no papel das Cortes, pois as de Castela só eran consultivas.

... na actividade económica predominante: en Aragón era a manufactura de la.

... na concepción do poder real, que en Aragón era pactista.

... no papel da Igrexa, que en Castela non recoñeceu o poder ao rei.

**4.** As Cortes medievais peninsulares.

... só representaban aos grupos privilexiados (nobreza e clero).

... exercían o goberno das cidades en nome do rei.

... contaban con representantes da nobreza, o clero e as cidades.

... tiñan como función a aprobación de impostos a solicitude do rei.

**5.** Analiza o [Foro do burgo](#) de Castro Caldelas e responde ás seguintes preguntas. Podes consultar o documento [orixinal](#) e obter máis información neste enlace.




Fragmento do documento orixinal do Foro do burgo de Castro Caldelas.

Sitúa o texto no espazo e no tempo.

6. Explica a partir del a relación que se estableceu entre a monarquía e as cidades

7. Que relevancia ten o documento desde o punto de vista cultural?

8. Explica a relación que existe entre os grupos dominantes en Castela e Aragón, e as actividades económicas en cada unha das coroas.



↑ [2]

## Os reinos da coroa de Castela



---

# A convivencia de tres culturas: cristiáns, musulmáns e xudeus

Ao longo da Idade Media, na península Ibérica coexistiron persoas que, aínda que compartían elementos culturais semellantes, profesaban tres relixións diferentes: cristiá, musulmá e xudía. A convivencia entre estes grupos variou en función da época, pero orixinou unha influencia mutua que enriqueceu culturalmente as sociedades medievais peninsulares e cuxo patrimonio perdura ata a actualidade. Estes tres mundos foron permeables entre si e o intercambio de ideas foi constante.





A convivencia das 3 culturas: un musulmán, un xudeu e un cristián falan cun sabio.

## Cristiáns e musulmáns: integración e conflito


A chegada dos musulmáns á Península non ocasionou grandes conflitos, nin se produciron persecucións masivas nin queima de templos. Nos primeiros anos, a maioría da poboación estaba constituída aínda por hispano-visigodos e bérberes do norte de África, e o elemento árabe era minoritario.

A integración no Imperio omeia supuxo a islamización e *arabización* da sociedade andalusí. Da conversión masiva ao islam dan boa conta as ampliacións sucesivas da mesquita de Córdoba e a fundación de novas mesquitas en distintas cidades. De feito, os cristiáns non consideraban o islam como unha relixión diferente e completamente nova, senón como unha herexía do cristianismo.

Fontes da época describen unha xuventude andalusí apaixonada pola cultura árabe, e mesmo compoñían poesía en árabe ao mesmo nivel que os propios musulmáns. O árabe converteuse na lingua de prestixio, asociada ao refinamento e a erudición.

Esta integración cultural reflectiuse tamén na onomástica, pois era frecuente que os mozárabes

arabizaran os seus nomes, estendéndose os cristiáns chamados Abdallah, Abd al-Malik, Abd al-Rahman etc. Por último, podemos citar o exemplo de cristiáns que actuaron como conselleiros e visires do califa, como o propio bispo de Córdoba, que formaba parte do núcleo de asesores do califa.



الله ديشرا ان عالم داشتار ايت هبلند دانوانشتر  
بانكار ميپانث . پيپان فسط كاشمندر تانان شامبرد  
دافرندا تاشبنت . مشند برباشر تاشر الله دادر نشكوشتر  
رد يشد اشمشر البيرد . دانوانشتر بكارپ بانكاشك البارا  
سابشيري مدميانث : : يعونث لمناششسر شدش لجدامش  
اشر بربليه بارا پكاجد : اعنلشكشتر اشرا جانشه بربندد  
لشكشريشنت هزان شلب . بوانششد كباد ابشردايوان  
دشملمنسر برفالبوات دظنيت نلبوا داجادار ينعت لاي  
برأسمت كاشار :

A *aljamía* é a escritura de linguas romances empregando caracteres árabes.

Con todo, a existencia de correntes do islam máis rigoristas deteriorou noutros períodos a convivencia entre ambas comunidades relixiosas. Así aconteceu coa escola malikí a finais do século VIII ou a partir dos séculos XI e XII coa chegada dos almorábides e almohades. Baixo estes grupos educados nun islam intransixente e baseado na imposición, a minoría mozárabe viu agravarse as súas condicións de vida e algúns tiveron que emigrar aos reinos do norte.

En todo caso, a intolerancia relixiosa dirixiuse tamén contra os propios musulmáns, por iso en ocasións foron eles mesmos quen pediron axuda aos reis cristiáns contra os grupos extremistas procedentes do norte de África.

# Unha etapa de esplendor cultural

A aprendizaxe e o coñecemento gozaron de gran consideración en al-Ándalus. Moitos califas promoveron a fundación de bibliotecas e madrasas, e os reinos musulmáns competían por acadar o maior grao de erudición e beleza.

En al-Ándalus floreceron a prosa e a poesía, convertendo o período andalusí nun dos máis brillantes da historia da literatura na Península.

Ibn Hazm escribiu no século XI un fermoso tratado sobre o amor titulado «[O colar da pomba](#)», e no século XII acadou fama internacional Ibn Quzman, autor de poemas escritos no dialecto do árabe falado en al-Ándalus.

No século XI xurdiron importantes historiadores como o cordobés Ibn Haian que, a través das súas descrições da sociedade e os acontecementos, constitúe unha fonte privilexiada para o coñecemento da época.

No campo das ciencias é coñecido o desenvolvemento que acadaron as matemáticas, a medicina (Averroes), e mesmo a aeronáutica.

No século XV, destacou no ámbito cristián Íñigo López de Mendoza, máis coñecido como o [Marqués de Santillana](#), que ademais de poeta xogou un importante papel político na Castela de Xoán II.

Realizáronse traducións de obras de autores gregos e latinos, que permitiron a difusión dos seus saberes ao resto de Europa a través de al-Ándalus. Impulsouse así a creación de escolas de tradutores, que permitiron o acceso a estes textos nas incipientes universidades cristiás. A máis importante foi a Escola de Tradutores de Toledo, fundada polo arcebispo Raimundo no século XII, que representou un punto de encontro de diferentes culturas e converteu a cidade en auténtica mediadora cultural entre Oriente e Occidente.

No século XIII recibiu o patrocinio real de Afonso X e traducíronse importantes tratados de astronomía, física, matemáticas, ou obras recreativas como os [Libros do xadrez](#). **Afonso X**, alcumado «O Sabio», implicouse na promoción da cultura rodeándose de eruditos musulmáns e xudeus, e impulsando o debate intelectual e a composición de novos tratados.

Afonso X (1221-1284) foi rei de Castela e León, pero converteuse ademais nun dos máis importantes mecenas literarios de Europa. Como home de letras impulsou o castelán en substitución do latín, que xa non era válido como lingua común.

Malia ter nacido en Toledo, pasou a súa infancia na fortaleza de Maceda, onde aprendeu a nosa lingua. O galego foi a lingua fundamental da lírica culta na coroa de Castela, por iso as Cantigas de Santa María, atribuídas polo menos en parte a el mesmo, están compostas en lingua [galego-portuguesa](#), da que se derivan os actuais galego e portugués.



O avance dos reinos cristiáns determinou a diversidade lingüística peninsular.

## As comunidades xudías

Os xudeus foron o grupo menos numeroso e, a diferenza de cristiáns e musulmáns,

nunca exerceron un poder político independente. Vivían nas cidades, en barrios denominados **alxamas** ou **xudarías**, onde estaban os seus centros de oración, as **sinagogas**.

Exercían oficios como médico, astrónomo, artesán, contable, comerciante... Polo seu dominio de idiomas moitos ingresaron na carreira diplomática, e algúns chegaron a ocupar cargos de gran relevancia como asesores ou visires dos califas. A **cultura xudía** recibiu o influxo de musulmáns e cristiáns, e acadou un gran desenvolvemento en campos como a filosofía, a gramática, a poesía ou a medicina.

## Mozárabes

Os cristiáns en al-Ándalus puideron conservar a súa relixión e vivir baixo as súas propias leis, pero a súa influencia foi limitada ao constituíren unha minoría. A súa relación cos novos ocupantes manifestouse no estilo artístico mozárabe ("arabizado") entre os séculos X e XI, que incorpora elementos aprendidos en al-Ándalus.

Unha das figuras máis importantes do século VIII foi o monxe mozárabe **Beato de Liébana**. A súa obra máis coñecida é o **Comentario ao Apocalipse de San Xoán**, onde se conteñen algúns dos mapamundis máis antigos da cristiandade.

Os **mudéxares** eran os musulmáns que vivían en territorios conquistados polos cristiáns. Vivían en barrios arredados, as **mourarías**. Ao principio permitiúselles conservar a súa relixión, lingua e costumes, e mesmo foron protexidos por algúns monarcas, aínda que estaban sometidos ao pagamento de impostos especiais. Porén, noutros casos viviron en condicións de servidume ou de total escravitude (Balears, onde se produciu un exterminio de poboación musulmá trala conquista). Desde o século XIII protagonizaron revoltas que foron duramente reprimidas, e tralas que algúns emigraron a Granada a pesar de que continuaron existindo comunidades musulmáns en territorio castelán.



Arcos mozárabes en Santiago de Peñalba.

Desenvolveron o estilo mudéjar (séculos XII a XVI), que engloba un conxunto de

manifestacións artísticas e culturais que mesturaban correntes artísticas cristiás e musulmás.



Teitume do Palacio da Aljafería (1492), exemplo do mudéjar aragonés.

Ademais, a súa influencia pódese rastrexar nas numerosas palabras de orixe árabe que chegaron ao noso léxico a través do castelán e o portugués, linguas que mantiveron unha convivencia máis duradeira co árabe. Algúns exemplos poderían ser: aceite, cenoria, alcachofa, almofada, alcume...

## Actividades

1. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.
  - a. Musulmáns e cristiáns desfrutaban dos mesmos dereitos en al-

Verdadeiro

Falso

---

b. A poboación converteuse ao islam e integrouse na cultura árabe.

Verdadeiro

Falso

---

c. A Escola de Tradutores máis importante estaba en Madrid.

Verdadeiro

Falso

---

d. Os mudéxares vivían en barrios separados chamados *alxamas*.

Verdadeiro

Falso

---

e. Os mozárabes constituían unha minoría en al-Ándalus no século XIII.

Verdadeiro

Falso

---

f. Beato de Liébana foi un monxe mozárabe autor dos Comentarios ao Apocalipse.

Verdadeiro

Falso

---

g. Os musulmáns en territorio cristián desenvolveron a arte mozárabe.

Verdadeiro

Falso

2. Sinala a resposta correcta en cada caso.

Durante o dominio dos Almohades...

... produciuse a emigración de mozárabes aos reinos cristiáns.

... xurdiu un ambiente de tolerancia relixiosa.

... destacou a figura do Marqués de Santillana.

3. A Escola de Tradutores de Toledo...

... foi fundada por Afonso X O Sabio no século XII.

... traduciu textos do árabe ao grego, difundindo a cultura andalusí por Europa.

... representou unha ponte entre a sabedoría oriental e occidental.

4. As comunidades xudías...



- ... sufriron *pogroms* nas cidades castelás durante século XIV, emigrando ao reino nazarí de Granada.
- ... foron perseguidos no Califato, pero a súa situación mellorou tralas invasións norteafricanas.

5. Sinala a resposta correcta.


Os musulmáns que vivían en territorios conquistados polos cristiáns...

- ... desenvolveron a arte mozárabe, entre os séculos X e XI.
- ... orixinaron o estilo mudéxar entre os séculos XII e XVI.
- ... crearon o estilo mudéxar, entre os séculos VIII e IX.


6. Relaciona cada palabra coa súa definición.

Bérberes	Musulmáns que vivían en territorios cristiáns, estilo mudéxar (séculos XII-XVI).
Xudeus	Barrios denominados <i>alxamas</i> , lugar de oración: sinagoga.
Mozárabes	Beato de Liébana, cristiáns que vivían en al-Ándalus.
Mudéxares	Orixinarios do norte de África, participaron na conquista islámica da Península.
Muladí	Hispano-visigodos convertidos ao islam.

7. Por que afirmamos que a península Ibérica representou un nexo de transmisión cultural entre o oriente e o occidente medieval? Aporta algún exemplo para apoiar a túa resposta.



8. Existiu un enfrontamento constante entre os tres grandes grupos culturais peninsulares? Responde de forma razoada e argumentada.



---

# Ao peche

## Que aprendiches?

Completa o seguinte esquema.

## Avalíate

1. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. A formación de al-Ándalus produciuse no século VIII trala desaparición do estado visigodo.

Verdadeiro

Falso

- 
- b. Trala chegada dos musulmáns, a poboación foi substituída por xentes procedentes do norte de África.

Verdadeiro

Falso

- 
- c. No século IX proclamouse o Califato con capital en Córdoba.
- Verdadeiro
- Falso

- 
- d. No século XI, a descomposición en taifas favoreceu o avance dos reinos cristiáns.
- Verdadeiro
- Falso

- 
- e. En al-Ándalus, cristiáns e musulmáns gozaban dos mesmos dereitos.
- Verdadeiro
- Falso

- 
- f. O emirato dependía do califa de Bagdad desde o punto de vista relixioso.
- Verdadeiro
- Falso

- 
- g. Abd Al Rahman III gobernou no século X, cando al-Ándalus era unha provincia (emirato dependente).
- Verdadeiro
- Falso

- h. O reino nazarí de Granada foi o último estado musulmán da Península durante a Baixa Idade Media.

Verdadeiro

Falso

2. Sinala a descrición que mellor se axeite ao mapa que se che amosa.




- Chegada dos musulmáns ao sur peninsular no século VIII.
- Conquista cristiá do reino de Granada (finais do século XV).
- Expansión do Imperio almorábide (século XI-XII).
- Formación de núcleos cristiáns ao norte peninsular (séculos VIII-X).

3. Identifica o enunciado que non se corresponda coa imaxe que che amosa.



- O reino de Galicia antes da súa fragmentación. (Século XI).
- Formación dos primeiros núcleos cristiáns ao norte peninsular no século VIII.
- A fragmentación do reino de Galicia trala morte de Fernando I.
- Reinos cristiáns ao norte e Califato de Córdoba ao sur (século X).

4. Indica a numeración que corresponde aos seguintes acontecementos e personaxes na etapa correspondente do eixe cronolóxico.



- \_\_\_ Desaparición do reino visigodo
- \_\_\_ Invasións norteafricanas (almorábides, almohades)
- \_\_\_ Unión de Castela e León (Fernando III)
- \_\_\_ Esplendor do reino suevo

\_\_\_\_\_ Asentamento dos pobos xermanos na Península

\_\_\_\_\_ Máxima expansión da coroa aragonesa no Mediterráneo

\_\_\_\_\_ Batalla das Navas de Tolosa

\_\_\_\_\_ Anexión da taifa de Toledo (Afonso VI)

\_\_\_\_\_ Emirato de Córdoba

\_\_\_\_\_ Reino Nazarí de Granada

5. A Península Ibérica non foi un espazo illado, senón que acadou unha clara proxección internacional durante a Idade Media. Relaciona os territorios peninsulares da columna da esquerda cos seus vínculos internacionais máis destacados.

Reino suevo de Galicia	Achegamento ao imperio bizantino trala conversión ao catolicismo.
Al-Ándalus	Expansión comercial polo Mediterráneo.
Reino medieval de Galicia	Comunicación coa Europa cristiá a través das rutas xacobeas.
Coroa de Castela	Integración nos imperios islámicos mediterráneos e norteafricanos.
Coroa de Aragón	Orientación atlántica e alianza con Inglaterra na Baixa Idade Media.
Reino de Portugal	Vínculos coa dinastía franca a partir do século XIII.
Reino de Navarra	Comercio da la con Inglaterra e Flandres.

6. Selecciona para cada elemento o seu período correspondente.

	Alta Idade Media	Idade Media Plena	Baixa Idade Media
Formación do reino de Castela	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Máxima expansión mediterránea da coroa de Aragón	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Auxe das peregrinacións do Camiño de Santiago	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Reino nazarí de Granada	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Imperios almorábide e almohade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Baixo Imperio romano	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Reinado de Sancho III O Maior	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Formación de al-Ándalus	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Reino visigodo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Reino suevo de Galicia	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Revolución irmandiña	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>


7. Identifica todos os enunciados que se correspondan con esta imaxe.





- Os Consulados do Mar organizaron o comercio da la.
- Honrado Concejo da Mesta agrupaba aos propietarios de gando.
- Os rabaños de ovellas eran propiedade dos grupos privilexiados.
- A transhumancia ocasionou conflitos cos agricultores.

8. Identifica todos os enunciados que non se correspondan coa imaxe que che amosa.



- O mapa é anterior á formación do reino de Portugal.
- A Coroa de Castela estaba englobaba diferentes reinos.
- Representáanse os primeiros avances dos reinos cristiáns sobre al-Ándalus.
- Fernán González gobernaba o condado de Castela.

9. Identifica o enunciado que non se corresponda coa imaxe que che amosa.



- Desenvolveuse un activo comercio entre o Magreb e a Europa cristiá.
- O reino nazarí de Granada. Foi o último estado musulmán peninsular, pois existiu até finais do século XV.
- Representábase o poder almorábide na Península.
- O Reino de Granada dividíase en provincias denominadas coras.

10. Visona o video e indica se as seguintes afirmacións sobre o Camiño de Santiago son verdadeiras ou falsas.

[Vídeo](#) para completar a actividade.

- a. As orixes do Camiño de Santiago identifícanse co achado do sartego de Santiago O Maior.

Verdadeiro

Falso

---

b. As peregrinacións xacobeas aumentaron coa Peste Negra do século XIV.

Verdadeiro

Falso

---

c. O mito do *Campos de Estrelas*, serviu para unir a Igrexa e monarquía fronte ás invasións musulmáns.

Verdadeiro

Falso

---

d. Os primeiros peregrinos chegaron ata compostela a través do camiño francés e asturgalaico.

Verdadeiro

Falso

---

e. O primeiro Camiño cara a Compostela foi o británico.

Verdadeiro

Falso

---

f. As ordes dos cabaleiros eran as encargadas da seguridade dos peregrinos.

Verdadeiro

Falso

## Reforza

11. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. Suevos e visigodos eran pobos sen romanizar, pois vivían fóra do Imperio.

Verdadeiro

Falso

- 
- b. A capital do reino visigodo foi Tolosa, e despois Toledo.

Verdadeiro

Falso

- 
- c. Os suevos enfrontáronse militarmente ao emperador Honorio que, tras ser derrotado, tivo que cederlles terras na Gallaecia.

Verdadeiro

Falso

- 
- d. Durante o reinado de Leovixildo (s. VI) consolidouse a

organización do reino visigodo.

Verdadeiro

Falso

---

- e. A conversión dos suevos ao catolicismo favoreceu a integración coa aristocracia galaico-romana.

Verdadeiro

Falso

---

- f. Trala derrota dos suevos na Batalla de Vouillé (507), os visigodos controlaron todo o territorio peninsular.

Verdadeiro

Falso

---

- g. Os visigodos ocuparon o territorio correspondente á actual España.

Verdadeiro

Falso

---

- h. Os concilios de Braga ou Toledo eran reunións convocadas polo rei, á que acudían altas autoridades eclesiásticas e civís.

Verdadeiro

Falso

12. Sitúa no mapa os termos que se che ofrecen.



\_\_\_ Cataluña

\_\_\_ Navarra

\_\_\_ Aragón

13. Sinala a descrición que mellor se axeite ao mapa que se che amosa.



- Formación de núcleos cristiáns ao norte peninsular (séculos VIII-X).
- Integración da península no Imperio almohade (século XII).
- Anexión da taifa de Toledo por Afonso VI (século XI).
- Expansión dos reinos cristiáns no século XIII.

**14.** Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. A Batalla das Navas de Tolosa produciuse no século IX no núcleo ástur.

- Verdadeiro
- Falso

- 
- b. Trala formación das coroas de Castela e Aragón, comezou o proceso da reconquista.

- Verdadeiro
- Falso

- 
- c. No século X, baixo o goberno de Abd Al Rahman III, a conquista de territorios polos reinos cristiáns estancouse.

- Verdadeiro
- Falso

- 
- d. Reino nazarí de Granada desapareceu a finais do século XV, baixo o reinado dos Reis Católicos.

Verdadeiro

Falso

---

e. No sistema de presura, os campesiños recibían alodios e convertíanse en servos.

Verdadeiro

Falso

**15.** Relaciona os termos da primeira columna coa explicación que consideres máis axeitada.

Suevos	Ostentaban a máxima autoridade política e relixiosa na comunidade islámica.
Parias	Eran tributos que pagaban as taifas aos reinos cristiáns.
Califas	Instaláronse na provincia romana da Gallaecia, onde formaron un reino.
Coras	Designa as provincias en que se dividía Al-Ándalus.
<i>Foedus</i>	Eran reunións ás que asistían os monarcas, a Igrexa e parte da nobreza.
Concilios	Eran pactos asinados entre os pobos xermánicos e o imperio romano.
Alodios	Parcelas de terra recibidas polos campesiños, que adquirían así a propiedade.

**16.** Selecciona para cada característica, a coroa á que pertence.



	Coroa de Castela	Coroa de Aragón
Mesta	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Comercio mediterráneo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Auxe da burguesía	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Maior autoridade do rei	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Monarquía unitaria	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Poder da oligarquía gandeira	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Maior poder das cortes	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

17. Completa o seguinte texto segundo corresponda.

A chegada dos  no século VIII, supuxo a  política do espazo peninsular. A partir de entón, formaranse núcleos cristiáns ao norte da Península: na zona  organizouse a nova monarquía galaica, mentres nos Pireneos xurdiron unha serie de  independentes do poder carolinxio.

Os  comezarán a expansión territorial sobre o sur peninsular especialmente durante a , coa anexión da taifa de Toledo por Afonso VI, e que se completou na  coa caída do reino nazarí de Granada.

18. Completa o seguinte texto segundo corresponda.

A Baixa Idade Media estivo caracterizado por un  da  
conflitividade social e política. Na coroa de Castela, produciuse unha  
 contra o crecente poder de monarcas como Afonso XI e  
Pedro I, que derivará nun enfrontamento civil no século XIV.


En Aragón,  subleváronse contra os señores para  
librárense da súa servidume. En  produciuse outro  
levantamento antiseñorial, os irmandiños, que asaltaron  
 e chegaron a gobernar o territorio durante dous anos.

## Amplía

- 19.** Unha idea bastante estendida sobre a Idade Media é que as persoas apenas se desprazaban, e as súas vidas se desenvolvían na aldea onde naceran e na contorna máis próxima.

Pensas que esta afirmación é correcta?

Un dos maiores viaxeiros da Idade Media foi [Ibn-Batuta](#). Investiga as viaxes que realizou e localiza os lugares citados coa axuda dun mapa.




# Actividade de síntese

- 20.** A historia é unha ciencia social e, como tal, está suxeita a novas interpretacións en función dos datos que aportan as novas investigacións. O avance do coñecemento histórico experimentado nos últimos anos, revisou moitos aspectos sobre a Idade Media peninsular que se tiñan por certos. Le as seguintes afirmacións e realiza unha crítica destas visións á luz dos contidos estudados na unidade.

## TEXTO 1

«O seu pracer era exterminar e aniquilar poboacións e formar arredor de si grandes desertos. Retrincos de peles groseiramente curtidas cubrían algunhas partes do seu corpo. Sustentábanse da caza, e da carne e leite dos seus gandos. Toda a súa relixión consistía en sacrificar cada ano un home no medio de bárbaras cerimoniais. Os suevos non deixaron de ser bárbaros por ser cristiáns.»

M. Lafuente, *Historia General de España* (1866)



## **21.** TEXTO 2 e 3 (Coméntaos en conxunto)

«Esta empresa multiseccular [a Reconquista] constitúe un caso único na historia dos pobos europeos, non ten equivalente no pasado de ningunha comunidade histórica occidental. Ningunha nación do vello mundo levou a cabo unha aventura tan difícil e tan constante, ningunha realizou durante tan dilatado prazo de tempo unha empresa tan decisiva para forxar a súa propia vida libre.»

(Texto 2) Sánchez Albornoz.(1956)

«A chegada do Islam á Península] traducíuse na aniquilación da cultura máis importante de Occidente naquel momento [a visigoda] e nunha loita de liberación nacional [a reconquista] que se prolongaría ao longo de case oitocentos anos.»


(Texto 3) César Vidal. *España frente al Islam. De Mahoma a Ben Laden.*  
(2004)



## 22. TEXTO 4

«Teño por seguro o vaciamiento intensivo da zona comprendida entre o Duero e a cordilleira cántabro-ástur e especialmente o das chairas de León e Castela que se estenden entre o río e a serra mencionados. (...). Un xigantesco rodete parece arrasar toda esa zona nalgún momento do pasado.»

Sánchez Albornoz. *España, un enigma histórico.*



# Glosario

## Almogáraves

---

Tropas de choque que actuaron como combatentes de fronteira na Península. Colaboraron na expansión da coroa de Aragón polo Mediterráneo, participando na toma de Sicilia e na guerra de Aragón contra Francia e o papado.

## Alanos

---

Eran un grupo étnico de orixe iraniana, procedente das estepas de Centroasia ou o norte de Irán. No século IV lograron asentarse no imperio romano e invadiron a Galia no século IV, para logo penetrar na Península xunto a suevos e vándalos. Como consecuencia da intervención dos visigodos aliados de Roma tiveron que emigrar ao norte de África.

## Arianismo

---

Doutrina cristiá desenvolvida en Alexandría (Exipto) no século III da nosa era. O arianismo diferenciábase do catolicismo na súa concepción sobre a natureza de Cristo. Durante o Imperio Romano (Concilio de Nicea, 325) foi declarado unha herexía, pero seguiu sendo practicada polos xermanos ata o século VIII, especialmente polos visigodos.

## Asdingos

---

É un pobo xermánico que constitúe unha ramificación dos vándalos. Xunto aos silingos, invadiron a Península a comezos do século V e recibiron terras na Gallaecia e norte de Portugal en virtude dun *foedus* co emperador.

## Batalla de Vouillé

---

Batalla que enfrontou a francos e visigodos no ano 507 preto de Poitiers. A derrota visigoda tivo como consecuencia o progresivo desprazamento desde a Galia (Tolosa) cara a Península Ibérica (Toledo).

## Califa

---

Título que empregaban os líderes do islam, e que os recoñecía como xefes políticos e relixiosos. O territorio baixo a súa xurisdición denomínase califato.

## Cora

---

Era unha das demarcacións territoriais (provincias) en que foi dividida Al-Ándalus, á que lle correspondía un territorio coa súa capital.

## Emir

---

Título que recibían os gobernantes de estados islámicos dependentes directamente do califa desde o punto de vista relixioso, pero que gozaban de plenos poderes políticos, económicos, administrativos e militares.

## Foedus

---

É un tipo de pacto ou acordo frecuente a partir do século III asinado entre Roma e calquera pobo bárbaro, polo que este proporcionaba tropas ao exército romano a cambio de diñeiro ou terras.

## Hachib

---

Cargo que asesoraba ao califa, e que en Al-Ándalus tiña maior categoría ca o de visir. O *hachib* asistía ao monarca nas funcións de goberno, controlaba a administración civil, a chancelaría e as finanzas.

## Honrado Concejo de la Mesta

---

Foi unha asociación de propietarios gandeiros de Castela creada en 1273 por Afonso X O Sabio. A súa función era regular e organizar a transhumancia e foi protexida pola monarquía, da que obtiña privilexios.

## Parias

---

Impostos que pagaban os reinos de taifas aos monarcas cristiáns.

## Priscilianismo

---

Foi unha corrente do cristianismo difundida por Prisciliano na Gallaecia do século IV. A

doutrina prisciliana aceptaba a participación da muller en igualdade de dereitos co home, defendía unha forma de vida austera e criticaba o poder dos bispos.

## Silingos

---

Constituían un subgrupo dos vándalos. Tras ocupar territorios na Península a comezos do século V, a presión exercida polos visigodos aliados de Roma obrigounos a emigrar ao norte de África no 429, onde fundarían un reino baseado no seu poderío naval.

## Suevos

---

Pobo xermánico orixinario da zona próxima ao mar Báltico. No século V, liderados polo rei Hermerico, cruzaron o río Rin e chegaron á Península atravesando os Pireneos. Tras asinar un pacto co emperador Honorio (410), establecéronse na antiga provincia romana da Gallaecia, onde formaron un reino que perdurará até a anexión visigoda no 585.

## Vándalos

---

Conxunto heteroxéneo de pobos xermanos do leste que, desde a zona de Panonia, cruzaron o limes romano e atinxiron a Península a comezos do século V.

## Visigodos

---

Os godos foron un pobo xermánico orixinario de Escandinavia que desde o século III realizaron incursións no Imperio e no IV se asentaron como un pobo federado de Roma. Unha rama dos godos desprazouse aos territorios occidentais do Imperio, recibindo o nome de visigodos (fronte aos godos do leste, ou ostrogodos). Os visigodos crearon un reino na Península Ibérica durante os séculos VI e VII.

## Visir

---

Cargo que designaba ao asesor ou valido do califa, equivalente ao de ministro.

# Ligazóns

## Moedas suevas

<http://www.tesorillo.com/hispania/1visigodas.htm>

---

## A batalla de Guadalete

[http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/la-batalla-del-guadalete\\_6310](http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/la-batalla-del-guadalete_6310)

---

## A crise do Califato

<https://www.lavanguardia.com/historiayvida/edad-media/20170308/47310879797/el-califato-de-cordoba-ii-de-almanzor-al-hundimiento.html>

---

## Nora hispanomusulmá da Aldea do Fresno

<http://www.rutasconhistoria.es/loc/noria-hispanomusulmana-en-aldea-del-fresno>

---

## Medina Saraqusta (Zaragoza)

[http://www.encyclopedia-aragonesa.com/monograficos/historia/los\\_musulmanes\\_en\\_aragon/](http://www.encyclopedia-aragonesa.com/monograficos/historia/los_musulmanes_en_aragon/)

---

## Conxunto fortificado islámico en Calatayud

<http://www.turismodezaragoza.es/provincia/patrimonio/islamico/conjunto-fortificado-islamico-calatayud.html>

---

## Córdoba califal

<http://safeshare.tv/v/ss5796517542a99>

---

## Cidades de Al-Ándalus

[http://www.juntadeandalucia.es/institutodeestadisticaycartografia/atlasterritorio/at/pdf/24\\_ciudadesdeandalus.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/institutodeestadisticaycartografia/atlasterritorio/at/pdf/24_ciudadesdeandalus.pdf)

---



## Listaxe de monarcas de Galicia

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Lista\\_de\\_monarcas\\_de\\_Galicia](https://gl.wikipedia.org/wiki/Lista_de_monarcas_de_Galicia)

---

## Unha lección de Historia: Afonso VII

<http://www.laopinioncoruna.es/opinion/2015/10/18/unha-leccion-historia-alfonso-vii/1005182.html>

---

## A era compostelá

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Era\\_Compostel%C3%A1%20](https://gl.wikipedia.org/wiki/Era_Compostel%C3%A1%20)

---

## O gran señor de Compostela

[https://en.wikipedia.org/wiki/Diego\\_Gelm%C3%ADrez](https://en.wikipedia.org/wiki/Diego_Gelm%C3%ADrez)

---

## O camiño

<http://safeshare.tv/v/1o3We1d7lz4>

---

## O camiño de Santiago e o comercio

<http://safeshare.tv/v/c2UYnwlFBq8>

---

## Camiños de Compostela

<https://safeshare.tv/es/x/HOtZ46oN2lg>

---

## Vila Nova de Famalicão

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Vila\\_Nova\\_de\\_Famalic%C3%A3o](https://gl.wikipedia.org/wiki/Vila_Nova_de_Famalic%C3%A3o)

---

## As Cortes de León 1188

[https://es.wikisource.org/wiki/Cortes\\_de\\_Le%C3%B3n\\_de\\_1188%20](https://es.wikisource.org/wiki/Cortes_de_Le%C3%B3n_de_1188%20)

---

## A Generalitat de Catalunya

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Generalitat\\_de\\_Catalu%C3%B1a](https://gl.wikipedia.org/wiki/Generalitat_de_Catalu%C3%B1a)

---

## **Festa da transhumancia**

<http://www.rtve.es/alacarta/videos/telediario/mas-2000-animales-atraviesan-centro-madrid/1564004/>

---

## **Os camiños da Mesta**

<http://safeshare.tv/v/ss57973a1297b90>

---

## **Os xinetes do Apocalipse**

[https://es.wikipedia.org/wiki/Jinetes\\_del\\_Apocalipsis](https://es.wikipedia.org/wiki/Jinetes_del_Apocalipsis)

---

## **O Imperio portugués**

[https://es.wikipedia.org/wiki/Imperio\\_portugu%C3%A9s](https://es.wikipedia.org/wiki/Imperio_portugu%C3%A9s)

---

## **A revolta dos irmandiños**

[https://es.wikipedia.org/wiki/Gran\\_Guerra\\_Irmandi%C3%B1a](https://es.wikipedia.org/wiki/Gran_Guerra_Irmandi%C3%B1a)

---

## **A Rui Xordo**

<http://www.blogoteca.com/literalingua/index.php?cod=79411>

---

## **A Quenlla presenta un disco con textos de Manuel María inspirados na revolta dos Irmandiños**

[http://www.lavozdegalicia.es/ocioycultura/2010/08/09/0003\\_8658092.htm](http://www.lavozdegalicia.es/ocioycultura/2010/08/09/0003_8658092.htm)

---

## **A quenlla. Os Irmandiños**

<http://galizaenmusica.blogspot.com.es/2014/04/a-quenlla-os-irmandinos-unha-vez-foi-o.html>

---

## **Foro do burgo de Castro Caldelas**

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Foro\\_do\\_bo\\_burgo\\_de\\_Castro\\_Caldelas](https://gl.wikipedia.org/wiki/Foro_do_bo_burgo_de_Castro_Caldelas)

---

## **Transcripción orixinal: O Foro do burgo de Castro Caldelas**

[http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/doc\\_en\\_galego.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/doc_en_galego.pdf)

---

## **O colar da pomba**

[https://es.wikipedia.org/wiki/El\\_collar\\_de\\_la\\_paloma](https://es.wikipedia.org/wiki/El_collar_de_la_paloma)

---

## **Os árabes desenvolveron o sistema numérico que nós empregamos**

[https://es.wikipedia.org/wiki/N%C3%BAmeros\\_ar%C3%A1bigos](https://es.wikipedia.org/wiki/N%C3%BAmeros_ar%C3%A1bigos)

---

## **O Marqués de Santillana**

[http://www.cervantesvirtual.com/portales/marques\\_de\\_santillana/](http://www.cervantesvirtual.com/portales/marques_de_santillana/)

---

## **Libro dos Xogos de Afonso X**

<http://arte.laguia2000.com/pintura/libro-de-los-juegos-de-alfonso-x>

---

# Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2020

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

**Autores dos contidos:** Felix Longueira Fafián, Davide Loimil González, Xosé Antón García González.

**Asesora didáctica:** Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2020.

ISBN: 978-84-122353-5-7